

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

18397 *Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sentou as bases do funcionamento do sector gasista actual mediante a liberalización das actividades de aprovisionamento e subministración e a regulación das actividades de transporte, distribución e almacenamento de gas natural, incluíndo, entre outros, os principios xerais do réxime regulado de acceso de terceiros ás instalacións gasistas. Estes principios foron desenvolvidos polo Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector do gas natural.

Posteriormente, o Real decreto 984/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións de gas natural, modificou o réxime de contratación de capacidade establecido polo Real decreto 949/2001, introducindo os seguintes principios: a contratación independente de entradas e saídas ao sistema de transporte e distribución (configurando este como un punto virtual de balance para o intercambio do gas introducido sen ningunha restrición), a simplificación e axilización dos procedementos de contratación (mediante a aplicación de contratos marco e a constitución dunha plataforma telemática de contratación) e o establecemento de mecanismos de mercado para a asignación da capacidade. O Real decreto 335/2018, do 25 de maio, modificou diversos reais decretos que regulan o sector do gas natural.

Con data do 11 de xaneiro de 2019, aprobouse o Real decreto lei 1/2019, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural. Este real decreto lei modifica o artigo 7.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, asignando a esta Comisión a función de establecer, mediante circular, as metodoloxías utilizadas para calcular as condicións para a conexión e o acceso ás redes de gas e electricidade.

Así mesmo, o Real decreto lei 1/2019 modifica o artigo 70.2 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, relativo ao acceso a instalacións de regasificación, almacenamento básico e transporte, así como o artigo 76.3 da mesma lei, referido ao acceso ás redes de distribución, atribuíndo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias para aprobar a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión.

A revisión da regulación actual relativa ao acceso, aos servizos ofrecidos e aos mecanismos de asignación de capacidade fundaméntase na necesidade de adaptación desta ao contexto actual do sector gasista. O obxecto desta revisión é múltiple e consiste fundamentalmente en fomentar e facilitar a competencia, promover un maior uso das infraestruturas gasistas, harmonizar, simplificar e establecer un mecanismo transparente e competitivo de asignación e utilización da capacidade, flexibilizar a operativa dos axentes e resolver as situacións de conxestión en plantas de regasificación, que se están producindo a pesar de dispor de capacidade excedentaria no conxunto do sistema.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación nesta circular, chegan a ser agora inaplicables, conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia

exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, de ser o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o coñecemento das normas aplicables nestas materias, así como de que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

A circular adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade e eficiencia. Esta proposta de circular é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

En particular, a circular xustifícase na necesidade de homoxeneizar o modelo de acceso para todas as infraestruturas do sistema gasista, así como os procedementos de asignación e contratación de capacidade nelas. Esta previsión englobase dentro do proceso de creación dun mercado de gas competitivo e no cal se garanta a seguridade de subministración dentro da Unión Europea, definido pola Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizou nos últimos anos numerosas propostas de modificación do réxime de acceso ás instalacións gasistas, todas elas en liña co modelo de acceso que se desenvolve na presente circular. En primeiro lugar, resulta necesario unificar a metodoloxía de asignación de capacidade para todas as infraestruturas, que na actualidade difire dunhas a outras (mecanismos de mercado nos almacenamentos subterráneos e interconexións con Europa e asignación cronolóxica no resto de infraestruturas). En segundo lugar, resulta necesario un cambio no modelo de acceso en relación coas plantas de regasificación, coa finalidade de facer fronte a unha serie de problemas que se puxeron de manifesto nos últimos anos.

Así, as plantas de regasificación estiveron, de forma conxunta, infracontratadas e infrutilizadas. Por outro lado, actualmente a contratación de todos os servizos de acceso de forma diferenciada e independente en cada planta está dando lugar a ineficiencias de diversa índole. Isto reduce significativamente a liquidez deste mercado e, en consecuencia, o nivel de competencia. Como terceira das razóns que aconsellan a modificación do modelo de acceso, débese facer referencia ás oportunidades do sistema gasista español para desenvolver un *hub* ou mercado de GNL de referencia no ámbito europeo. Porén, a contratación de capacidade nos nosos terminais difire notablemente do modelo que existe noutras plantas europeas, o que pode dificultar a competitividade do mercado español. Por iso, cómpre modificar o modelo de acceso para permitir a contratación independente de determinados servizos (como a descarga de buques ou o almacenamento de GNL) e para poder dar resposta a novos servizos que demanda o mercado; por exemplo, os asociados á utilización do GNL como combustible.

Por todo o anterior e conforme as funcións asignadas no artigo 7.1 f) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e nos artigos 70 e 76 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e logo de trámite de audiencia e de acordo coas orientacións de política enerxética previstas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 12 de decembro de 2019, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta circular ten por obxecto regular o procedemento e as condicións de acceso e conexión de terceiros ás instalacións de transporte e distribución do sistema gasista, incluídos os procedementos de asignación de capacidade, os criterios técnicos xerais

aplicables ao acceso ás instalacións do sistema, os fundamentos para o establecemento de garantías relativas á contratación de capacidade, así como os mecanismos de xestión de conxestións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Quedan incluídas no ámbito de aplicación desta circular as instalacións suxeitas ao acceso de terceiros, conforme o disposto no artigo 60 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. En relación cos mecanismos de asignación de capacidade, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta circular as conexións internacionais por gasoduto con Europa, as instalacións que obtivesen unha exención do acceso e aquela capacidade de almacenamento subterráneo que sexa asignada mediante o procedemento de asignación primaria conforme o disposto na normativa vixente.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos da presente circular, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Almacenamento virtual de balance - AVB: entenderase por almacenamento virtual de balance o establecido na circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se establecen as normas de balance de gas natural.

b) Balance: entenderase por balance o establecido na circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se establecen as normas de balance de gas natural.

c) Capacidade: utilidade prestada por unha instalación susceptible de ser contratada polos usuarios.

d) Conxestión contractual: situación en que a capacidade demandada é superior á capacidade da instalación ou grupo de instalacións nun momento determinado e non toda a capacidade contratada é utilizada.

e) Conxestión física: situación en que a capacidade demandada é superior á capacidade da instalación ou grupo de instalacións nun momento determinado.

f) Día de gas: entenderase por día de gas o establecido na circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se establecen as normas de balance de gas natural.

g) Xestión da conxestión: procedementos e mecanismos para aliviar as situacións de conxestión.

h) Nominación: información sobre o uso da capacidade contratada que proporcionan os usuarios, en particular, sobre o gas que se vai introducir, extraer, subministrar ou consumir, con respecto ao día de gas d.

i) Renominación: información sobre o uso da capacidade contratada que proporcionan os usuarios, en particular, sobre o gas que se vai introducir, extraer, subministrar ou consumir, unha vez pechado o prazo de envío de nominacións.

j) Programación: información sobre o uso da capacidade contratada que proporcionan os usuarios en relación co gas que consideran introducir, extraer, almacenar, subministrar ou consumir nun período determinado, superior ao día de gas.

k) Punto virtual de balance - PVB: entenderase por punto virtual de balance o establecido na circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se establecen as normas de balance de gas natural.

l) Tanque virtual de balance - TVB: entenderase por tanque virtual de balance o establecido na circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se establecen as normas de balance de gas natural.

Artigo 4. *Suxeitos con dereitos de acceso.*

1. Nos termos e condicións establecidos nesta circular, teñen dereito de acceso ás instalacións do sistema gasista os suxeitos enumerados no artigo 61 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

2. Para participar nos procedementos de asignación de capacidade, os suxeitos con dereito de acceso, incluídos aqueles que requiran o acceso ás instalacións para a subministración de gas a consumidores finais, deberán ter subscrito, con carácter previo, a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema, o contrato marco de acceso en vigor. Así mesmo, deberán ter depositado integramente as garantías requiridas para a contratación de capacidade.

Artigo 5. *Denegación do acceso.*

1. Unicamente poderá denegarse o acceso ás instalacións nos casos de falta de capacidade dispoñible durante o período contractual solicitado, falta de pagamento das peaxes, canons ou recargas por desbalance, por insuficiencia de garantías depositadas ou por incapacidade manifesta para actuar no sistema gasista, que comportase ou poida comportar prexuízos técnicos ou económicos de importancia para o sistema gasista.

2. Non se poderá denegar o acceso nun punto de saída a un consumidor por falta de capacidade cando se refira a unha subministración existente que se encontre consumindo ou consumise durante o último ano gas natural nas cantidades solicitadas.

3. Por solicitude de calquera das partes implicadas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá as discrepancias relativas ao acceso ás instalacións, incluídas as que deriven da denegación deste.

Artigo 6. *Dereitos e obrigacións dos titulares das instalacións relacionados co acceso de terceiros.*

1. Os titulares de instalacións en que poida exercerse o dereito de acceso terán os seguintes dereitos:

- a) Percibir a remuneración económica que se estableza.
- b) Exixir aos titulares das instalacións conectadas ás da súa propiedade que cumpran os requisitos técnicos de seguridade e control establecidos que permitan un sistema fiable e eficaz.
- c) Exixir, dos axentes que incorporen gas ao sistema a través das súas instalacións, que o gas natural que se introduza nas súas instalacións cumpra as especificacións de calidade establecidas.
- d) Exixir dos suxeitos con dereito de acceso a comunicación dos seus programas de consumo e de uso das infraestruturas, así como de calquera incidencia que poida variar substancialmente tales previsións.
- e) Acceder aos equipamentos de medición que sirvan para determinar a cantidade e calidade do gas que se introduza nas súas instalacións, e estar presentes nas verificacións da precisión daquelas.
- f) Acceder e verificar os contadores de todos os clientes conectados ás súas instalacións.
- g) Recibir doutros suxeitos do sistema a información necesaria para o exercicio das súas funcións.

2. Os titulares de instalacións en que se poida exercer o dereito de acceso terán as seguintes obrigacións:

- a) Xestionar e operar as súas instalacións respectando as normas de xestión técnica do sistema, en coordinación con outros titulares de instalacións e seguindo as instrucións do xestor técnico do sistema, co obxecto de garantir o nivel de calidade exixido e o adecuado mantemento das instalacións.

- b) Subscribir os contratos de acceso cos suxeitos con dereito de acceso nos termos que se recollen nesta circular, en condicións transparentes, homoxéneas e non discriminatorias.
- c) Prestar os servizos contratados nas cantidades e condicións convidadas baixo as directrices do xestor técnico do sistema.
- d) Facturar as peaxes e os canons de acceso para os cales sexan competentes.
- e) Dispor dos equipamentos de medida de gas naqueles puntos intermedios do sistema gasista en que sexan necesarios para o seu bo funcionamento, tanto desde o punto de vista técnico como económico. Estes equipamentos serán, salvo acordo en contrario, propiedade da empresa que realiza a entrega do gas á outra instalación.
- f) Facilitar a información estrutural e de operación necesaria ao xestor técnico do sistema, aos suxeitos con dereito de acceso e a outros titulares de instalacións para o correcto funcionamento do sistema e para a avaliación da capacidade dispoñible.
- g) Informar a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e o xestor técnico do sistema sobre datos relativos ao consumo, aprovisionamento, existencias e capacidades contratadas e dispoñibles, así como calquera outra información que se requira.
- h) Comunicar ao xestor técnico do sistema, coa debida antelación, os plans de mantemento e as incidencias das súas instalacións, naqueles casos en que se poida ver afectado o sistema gasista, e modificalos de acordo coas directrices deste. Ademais, deberán comunicar estas incidencias aos suxeitos que actúan no sistema e aos consumidores afectados.
- i) Dispor dos equipamentos de medida necesarios para alugar aos consumidores conectados ás súas instalacións que así o soliciten e realizar a súa instalación e mantemento, sempre e cando os consumidores estean conectados a un gasoduto cuxa presión de deseño sexa igual ou inferior a 4 bares.
- j) Realizar, por si mesmo ou a través de terceiros, a lectura dos contadores de todos os consumidores conectados ás súas instalacións e dar traslado do detalle desas lecturas aos comercializadores correspondentes. Ademais, os datos de lectura agregados por tipos de tarifas ou peaxes e por comercializadores comunicaranse ao xestor técnico do sistema e ao transportista que lle subministra o gas, co detalle necesario para a aplicación das peaxes e canons e a realización do balance de rede.
- k) Asegurar que os sistemas de medición do gas subministrado da súa propiedade manteñen a precisión exixida. Para iso, xestionará a verificación periódica dos seus equipamentos de medida de volume e características do gas, e das instalacións dos puntos de subministración conectadas ás súas redes, coas condicións que se determinen, utilizando os servizos dunha entidade acreditada para tal fin.
- l) Efectuar o cálculo do balance físico do gas que pasa polas súas instalacións, na forma e coa periodicidade que se determine.
- m) Informar, a quen o solicite, sobre o alcance e as condicións económicas aplicables a servizos específicos distintos dos regulados que poidan prestar.
- n) Garantir o segredo da información de carácter confidencial que se puxese á súa disposición.
- o) Subscribir e manter actualizadas as correspondentes pólizas de seguros, co obxecto de cubrir os riscos que para persoas ou bens poidan derivar das actividades exercidas.
- p) Facilitar a conexión ás súas instalacións por parte dos consumidores ou doutros titulares de instalacións.

Artigo 7. *Dereitos e obrigacións dos suxeitos con dereito de acceso.*

1. Son dereitos dos suxeitos con dereito de acceso os seguintes:

a) Contratar aqueles servizos de acceso ás instalacións do sistema gasista que consideren adecuados para os seus intereses nas condicións reguladas na presente circular e na normativa aplicable.

- b) Recibir o gas nas condicións de regularidade establecidas e coa calidade e presión que se determine na normativa vixente.
- c) Solicitar a conexión mediante unha liña directa á rede de gasodutos máis próxima que reúna as condicións técnicas adecuadas, ou solicitar a conexión ao titular das instalacións de transporte ou distribución de acordo coa normativa en vigor.
- d) Recibir, coa antelación suficiente, calquera información referente á operación do sistema gasista que poida incidir sobre a regularidade e calidade de subministración incluídas nos contratos de acceso subscritos.
- e) Acceder ás lecturas dos contadores dos clientes finais a que subministren, no caso dos comercializadores, ou dos seus propios no caso dos consumidores directos en mercado, en tempo e forma.
- f) Acceder e solicitar a verificación dos contadores asociados ás subministracións efectuadas en virtude dos contratos de acceso subscritos.

2. Son obrigacións dos suxeitos con dereito de acceso as seguintes:

- a) Dispor en todo momento dos medios técnicos e humanos suficientes nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Comunicar aos titulares das instalacións cos cales subscribisen os contratos de acceso e ao xestor técnico do sistema o seu programa de aprovisionamento, consumo e uso das infraestruturas, así como calquera incidencia que poida variar substancialmente tales previsións.
- c) Asegurar que os consumidores dispoñan dos equipamentos de medida necesarios e permitan o acceso a eles aos titulares das instalacións a que estean conectados, e os manteñan dentro dos límites de precisión establecidos cando sexan da súa propiedade.
- d) Informar a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas sobre datos relativos ao consumo, aprovisionamentos e existencias.
- e) Garantir que o gas natural que introduza no sistema gasista cumpre as especificacións de calidade establecidas.
- f) Proporcionar ao sistema o gas necesario para garantir a subministración aos seus clientes ou o seu propio consumo.
- g) Garantir o segredo da información de carácter confidencial que se puxese á súa disposición.
- h) Subscribir e manter actualizadas as correspondentes pólizas de seguros co obxecto de cubrir os riscos que para persoas ou bens poidan derivar das actividades exercidas.
- i) Subscribir o contrato de acceso marco en vigor e constituír e manter as garantías exixibles.
- j) Aboar en tempo e forma as peaxes e os canons de acceso correspondentes á capacidade contratada e as recargas por desbalance.

CAPÍTULO II

Servizos ofertados e produtos de contratación

Artigo 8. *Servizos individuais.*

1. Só se poderán ofrecer os seguintes servizos para a súa contratación mediante os produtos definidos nesta circular:
 - a) Descarga de buques: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL dun buque nunha planta de regasificación.
 - b) Regasificación: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a regasificación de GNL desde o tanque virtual de balance das plantas de regasificación.
 - c) Almacenamento de GNL: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento de GNL no tanque virtual de balance das plantas de regasificación.

- d) Carga de cisternas: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a carga de vehículos cisterna de GNL nunha planta de regasificación.
- e) Carga de GNL de planta a buque: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para transferir o GNL a un buque desde unha planta de regasificación.
- f) Transvasamento de GNL de buque a buque: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para transferir GNL dun buque a outro buque.
- g) Posta en frío de buques: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para realizar a purga do gas inerte (*gassing up*) dun buque ou para que poida recibir GNL das plantas de licuefacción ou regasificación, nas condicións de seguridade apropiadas. O volume de carga asociado ao servizo de posta en frío non poderá ser superior ao talón do buque.
- h) Licuefacción virtual: dará dereito á transferencia de gas desde o punto virtual de balance até o tanque virtual de balance das plantas de regasificación, en forma de GNL.
- i) Entrada ao punto virtual de balance: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a transferencia de gas desde un punto de entrada ás redes de transporte e distribución até o punto virtual de balance.
- j) Almacenamento no punto virtual de balance: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento do gas no punto virtual de balance.
- k) Saída do punto virtual de balance: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a transferencia de gas desde o punto virtual de balance até un punto de saída da rede de transporte, exceptuando as plantas de regasificación.
- l) Saída do punto virtual de balance a un consumidor: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a transferencia de gas desde o punto virtual de balance até un consumidor final ou, de ser o caso, até o punto de conexión dunha liña directa a un consumidor.
- m) Almacenamento de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento do gas nos almacenamentos subterráneos básicos.
- n) Inxección: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para introducir o gas desde o punto de saída da rede de transporte até o almacenamento subterráneo básico.
- o) Extracción: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para extraer o gas desde o almacenamento subterráneo básico até o punto de entrada á rede de transporte.

2. Estes servizos poderán ser ofertados e contratados de forma individual e independente.

3. Para os servizos de regasificación, almacenamento de GNL, carga de cisternas, licuefacción virtual, entrada ao punto virtual de balance, almacenamento no punto virtual de balance, saída do punto virtual de balance, saída do punto virtual de balance a un consumidor, almacenamento de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos, inxección e extracción, a asignación de capacidade dará dereito ao uso desta ao longo do período temporal contratado.

4. Para os servizos de descarga de buques, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques, a asignación de capacidade dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a prestación dos ditos servizos durante os períodos de tempo reservados (*slots*).

A contratación dun *slot* dará dereito a efectuar a operación completa de carga ou descarga dun buque metaneiro na planta de regasificación solicitada, incluíndo o período dispoñible para a entrada do buque na planta, durante o período de tempo asignado ao dito *slot* para prestar o servizo.

O xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das plantas de regasificación, definirá a duración dos *slots* estándar, que poderán ser distintos para os diferentes servizos, infraestruturas e volumes de GNL asociados.

Artigo 9. *Servizos agregados.*

1. De forma adicional aos servizos individuais, poderanse ofertar servizos agregados, formados pola agrupación de varios servizos individuais, que darán dereito ao uso das instalacións necesarias para prestar os servizos individuais que os compoñen, nas condicións definidas para cada servizo agregado.

2. Só se poderán ofrecer os seguintes servizos agregados:

a) Descarga de buques, almacenamento de GNL e regasificación: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL dun buque nunha planta de regasificación, o almacenamento da totalidade ou parte do GNL descargado durante o tempo necesario até a súa regasificación completa e a regasificación do dito GNL a un fluxo constante, nun período comprendido entre a duración mínima e máxima que se estableza mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que será definido polo usuario.

b) Descarga de buques, almacenamento de GNL, regasificación e entrada ao punto virtual de balance: dará dereito ao uso das instalacións mencionadas no parágrafo anterior e ao transporte do gas regasificado até o punto virtual de balance.

c) Almacenamento de GNL e regasificación: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento de GNL durante o tempo necesario até a súa regasificación completa e a regasificación do GNL a un fluxo constante, nun período definido polo usuario comprendido entre a duración mínima e máxima que se estableza mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

d) Almacenamento de GNL, regasificación e entrada ao punto virtual de balance: dará dereito ao uso das instalacións mencionadas no parágrafo anterior e ao transporte do gas regasificado até o punto virtual de balance.

e) Descarga de buques, almacenamento de GNL e carga de GNL de planta a buques: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL de buques nunha planta de regasificación, ao almacenamento de GNL na planta até un valor máximo definido e ao uso das instalacións necesarias para a carga de GNL a buques desde a dita planta de regasificación, durante un período de tempo determinado.

f) Almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos, para introduci-lo desde o punto de saída da rede de transporte e para extraelo até o punto de entrada á rede de transporte.

3. A asignación de capacidade para os servizos agregados que inclúen regasificación dará dereito ao uso:

a) Dunha capacidade de regasificación diaria equivalente ao total dos kWh que se vaian regasificar divididos entre o número de días do período de regasificación solicitado, desde a data de inicio do período de regasificación.

b) Da capacidade de almacenamento de GNL necesaria para prestar o servizo agregado, que inicialmente será o total dos kWh que se vaian regasificar, e que se reducirá diariamente nun valor equivalente á capacidade de regasificación diaria calculada segundo se indica no parágrafo anterior.

4. Para os servizos agregados que inclúen a entrada ao punto virtual de balance, a asignación de capacidade dará dereito ao uso, ademais das capacidades de regasificación e almacenamento de GNL descritas no punto anterior, dunha capacidade diaria de entrada ao punto virtual de balance equivalente á capacidade de regasificación asignada, desde a data de inicio do período de regasificación.

5. Desde a data de inicio do período de regasificación e para cada día do dito período, considerarase unha nominación diaria de regasificación e, de ser o caso, de entrada ao punto virtual de balance, constante, calculada segundo o definido neste artigo, sen prexuízo das flexibilidades de uso establecidas nesta circular e sempre que o usuario

dispoña de existencias conforme a última información dispoñible sobre o seu balance no tanque virtual de balance.

6. Para os servizos agregados que inclúen o servizo de descarga de buques considerarase como data de inicio do período de regasificación, como moi tarde, o día de gas seguinte ao de inicio da descarga do buque.

7. O xestor técnico do sistema elaborará anualmente, en colaboración cos operadores das plantas de regasificación, unha proposta de oferta de produtos relativos ao servizo agregado de descarga, almacenamento e carga, tendo en conta o grao de utilización das plantas de regasificación e priorizando en todo momento a seguridade de subministración. Esta proposta conterá:

a) As condicións de uso do servizo agregado, incluíndo os prazos de comunicación das operacións de descarga e carga de GNL a buques, e as comunicacións entre o usuario, os operadores das plantas e o xestor técnico do sistema.

b) A definición completa dos produtos susceptibles de seren ofertados durante o ano de gas seguinte, incluíndo diferentes combinacións posibles destes, con horizontes temporais distintos.

Artigo 10. Produtos individuais de contratación de capacidade firme en plantas de regasificación e na rede de transporte e distribución.

1. A capacidade dispoñible para a prestación dos servizos individuais de regasificación, almacenamento de GNL, carga de cisternas, licuefacción virtual, entrada ao punto virtual de balance, almacenamento no punto virtual de balance e saída do punto virtual de balance ofertarase mediante os seguintes produtos estándar individuais de capacidade firme:

a) Produtos anuais: produtos de capacidade cunha duración de doce meses naturais, comezando o 1 de outubro, o 1 de xaneiro, o 1 de abril e o 1 de xullo.

b) Produtos trimestrais: produtos de capacidade cunha duración de tres meses naturais, comezando o 1 de outubro, 1 de xaneiro, 1 de abril ou 1 de xullo.

c) Produtos mensuais: produtos de capacidade cunha duración dun mes natural, comezando o 1 de cada mes.

d) Produtos diarios: produtos de capacidade cunha duración dun día de gas.

e) Produtos intradiarios: produtos de capacidade dentro do día de gas, que abranguen desde unha hora determinada até o final do día de gas.

A asignación dos produtos de duración diaria ou superior dará dereito ao uso da capacidade contratada durante todos os días dos períodos anual, trimestral, mensual ou diario, segundo a duración do produto.

A asignación de produtos intradiarios dará dereito ao uso da capacidade contratada desde a hora efectiva de inicio do servizo até o final do día de gas.

2. A capacidade dispoñible para os servizos de descarga de buques, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques ofertarase mediante *slots*, que poderán ser reservados nos distintos procedementos de asignación, sen restrición no número máximo ou mínimo de *slots* ofertados que se vaian solicitar.

3. Para contratar capacidade de saída desde o punto virtual de balance a consumidores finais, ademais dos produtos estándar definidos no punto 1 deste artigo, en lugar do produto anual poderase optar por contratos de duración indefinida, non asociados á data de inicio nin aos períodos estándares de contratación, e manterase o contrato vixente mentres non se produza o traspaso a outro comercializador, a modificación da capacidade contratada ou a baixa da subministración, sen que se poidan superpor contratos indefinidos con anuais ou varios contratos indefinidos co mesmo comercializador.

Salvo no caso de causar baixa na subministración, a redución de capacidade contratada non se poderá realizar até transcorrido un ano desde a última modificación.

4. Cando o consumidor final estea conectado a unha rede de distribución alimentada por unha planta satélite e cambie de subministrador, a titularidade da capacidade correspondente á carga de cisternas asociada ao dito consumidor pasará a pertencer ao novo subministrador.

5. Para os servizos de regasificación, licuefacción virtual e de entrada ou saída do punto virtual de balance a calquera punto, coa excepción da saída do punto virtual de balance a un consumidor, considerarase un fluxo de gas constante ao longo do día de gas, e desde a hora efectiva de inicio da prestación do servizo até o final do día de gas, no caso dos produtos intradiarios.

Artigo 11. *Produtos de contratación de capacidade firme en almacenamentos subterráneos.*

1. Os servizos de almacenamento, inxección e extracción de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos ofertaranse inicialmente como servizo agregado, mediante os seguintes produtos estándar de capacidade firme:

- a) Produtos anuais: produtos de capacidade cunha duración de doce meses naturais, comezando o 1 de abril.
- b) Produtos trimestrais: produtos de capacidade cunha duración de tres meses naturais, comezando o 1 de abril, 1 de xullo, 1 de outubro e 1 de xaneiro.
- c) Produtos mensuais: produtos de capacidade cunha duración dun mes natural, comezando o 1 de cada mes.

2. Adicionalmente, poderá reservarse capacidade de almacenamento, de inxección e extracción de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos, para a prestación de servizos individuais, que se ofertará mediante os seguintes produtos estándar individuais de capacidade firme:

- a) Produtos diarios: produtos de capacidade cunha duración dun día de gas.
- b) Produtos intradiarios: produtos de capacidade dentro do día de gas, que abranguen desde unha hora determinada até o final do día de gas.

A asignación dos produtos dará dereito ao uso da capacidade contratada durante todos os días dos períodos anual, trimestral, mensual ou diario, segundo a duración do produto, e desde a hora efectiva de inicio da prestación do servizo até o final do día de gas no caso dos produtos intradiarios.

Artigo 12. *Produtos individuais de capacidade interrompible.*

1. Só se poderán ofertar produtos de capacidade interrompible para os servizos individuais de regasificación, licuefacción virtual, carga de cisternas, entrada e saída do punto virtual de balance, inxección e extracción.

2. Os produtos de capacidade interrompible ofrecidos serán iguais, no seu horizonte temporal, aos produtos individuais de capacidade firme anuais, trimestrais, mensuais, diarios ou intradiarios. A oferta de capacidade interrompible non poderá ir en detrimento da cantidade de capacidade firme ofertada e non se poderá reservar capacidade para vendela como interrompible se se pode ofertar como firme.

3. Ofertase, polo menos, un produto de capacidade interrompible diario cando se vendese por completo a capacidade firme diaria.

4. Só se ofertarán produtos interrompibles de duración maior que a diaria se, para o correspondente produto mensual, trimestral ou anual firme, toda a capacidade fose vendida cunha prima, se fose vendida na súa totalidade ou se non fose ofertada, logo de xustificación por parte do xestor técnico do sistema.

5. Os produtos individuais de capacidade interrompible asignaranse mediante procedementos similares aos de produtos individuais de capacidade firme. A asignación realizarase tras a asignación dos produtos individuais de capacidade firme de igual

duración, pero antes do comezo do procedemento de asignación de produtos individuais de capacidade firme de duración inferior.

6. A orde de interrupción da capacidade interrompible determinarase de acordo coa orde cronolóxica inversa de adquisición da capacidade. Cando dous ou máis comercializadores ou consumidores directos en mercado ocupen a mesma orde de prioridade e non sexa necesaria a interrupción da capacidade interrompible contratada por estes na súa totalidade, aplicarase unha redución a pro rata.

7. O aviso previo de interrupción para unha hora determinada comunicarse coa maior antelación posible e, como máximo, 25 minutos despois do inicio do ciclo de renominacións correspondente á hora que se vai interromper. Calquera redución deste prazo requirirá a aprobación, mediante resolución, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

8. Corresponde ao xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das infraestruturas gasistas, desenvolver unha proposta de procedemento para a oferta de capacidade interrompible, que incluíra as condicións para a interrupción da capacidade. A proposta será remitida á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, anexando as respostas recibidas durante a consulta pública e a súa valoración. Esta poderá realizar os cambios que coide oportunos sobre a proposta e aprobala mediante resolución. Unha vez aprobada, as condicións para a interrupción da capacidade interrompible formarán parte do contrato marco de acceso ás instalacións do sistema gasista.

CAPÍTULO III

Contratación do acceso

Artigo 13. *Contratación do acceso ás plantas de regasificación.*

1. Os suxeitos con dereito de acceso contratarán, de maneira independente, os servizos individuais e agregados de acceso ás plantas de regasificación recollidos nesta circular. A contratación de capacidade realizarase a través da plataforma telemática de solicitude e contratación xestionada polo xestor técnico do sistema, logo de que o xestor técnico do sistema valide que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes.

2. Os servizos prestados en plantas de regasificación diferenciaranse en:

a) Servizos localizados: aqueles para os cales os usuarios deberán indicar a planta en que solicitan a súa prestación. Serán servizos localizados a descarga de buques, a carga de cisternas, a carga de GNL de planta a buque, o transvasamento de GNL de buque a buque e a posta en frío de buques. Os servizos localizados serán prestados aos usuarios na planta solicitada.

b) Servizos non localizados: aqueles para os cales os usuarios non deberán indicar a planta en que solicitan a súa prestación. Serán servizos non localizados a regasificación, o almacenamento de GNL e a licuefacción virtual.

Os usuarios poderán decidir o uso que desexan facer dos servizos non localizados nos termos contratados, pero a súa prestación non estará asociada a ningunha planta ou infraestrutura concreta. Para a prestación dos servizos non localizados o xestor técnico do sistema impartirá aos operadores das plantas de regasificación as consignas de operación que considere oportunas para satisfacer as necesidades dos usuarios, con base en criterios de eficiencia no uso do sistema gasista, optimización da capacidade dispoñible e priorizando en todo momento a seguridade de subministración.

3. Todo o GNL introducido nalgunha planta de regasificación se considerará localizado no tanque virtual de balance do sistema gasista.

4. No tanque virtual de balance poderanse realizar transaccións comerciais de cambio de titularidade de GNL, e este será libremente intercambiable, suxeito ao cumprimento das normas de balance de gas natural.

Artigo 14. Contratación do acceso ao punto virtual de balance.

1. Os suxeitos con dereito de acceso contratarán, de maneira independente, os servizos de entrada e saída do punto virtual de balance recollidos nesta circular. A contratación de capacidade realizarase a través da plataforma telemática de solicitude e contratación xestionada polo xestor técnico do sistema, logo de que o xestor técnico do sistema valide que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes.

2. Todo o gas introducido no sistema de transporte e distribución se considerará localizado no punto virtual de balance do sistema gasista.

3. No punto virtual de balance pódense realizar transaccións comerciais de cambio de titularidade de gas independentemente do punto de entrada ou saída deste. Todo o gas entregado no punto virtual de balance é libremente intercambiable, suxeito ao cumprimento das normas de balance de gas natural.

4. A subministración de gas a un consumidor final exige que medie o correspondente contrato de acceso ao punto virtual de balance, en consonancia co disposto no artigo 13.3, no punto 1 do presente artigo e no artigo 15.2. Exceptúase do anterior o caso das cisternas non destinadas á subministración de redes de distribución.

Artigo 15. Contratación do acceso aos almacenamentos subterráneos básicos.

1. Os suxeitos con dereito de acceso contratarán, de maneira independente, os servizos individuais e agregados de acceso a os almacenamentos subterráneos básicos recollidos nesta circular. A contratación de capacidade realizarase a través da plataforma telemática de solicitude e contratación xestionada polo xestor técnico do sistema, logo de que o xestor técnico do sistema valide que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes.

2. Todo o gas introducido nos almacenamentos subterráneos básicos se considerará localizado no almacenamento virtual de balance do sistema gasista.

3. No almacenamento virtual de balance pódense realizar transaccións comerciais de cambio de titularidade de gas, sendo este libremente intercambiable, suxeito ao cumprimento das normas de balance de gas natural.

Artigo 16. Contratación de capacidade de saída do punto virtual de balance a un consumidor.

1. A contratación de capacidade de saída para a subministración de gas a un consumidor final realizarase a través da plataforma habilitada para tal efecto. A contratación requirirá a validación por parte do xestor técnico do sistema de que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes, conforme o procedemento establecido nesta circular.

2. No caso particular da contratación de capacidade de saída para a subministración de gas a un consumidor final desde as redes de distribución realizarase a través dun portal único de acceso conectado ás plataformas dos operadores de redes de distribución. A contratación requirirá a validación por parte do xestor técnico do sistema de que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes, conforme o procedemento establecido nesta circular.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, mediante resolución, establecer os requisitos das plataformas e o portal de solicitude e contratación do acceso e a súa vinculación.

4. As solicitudes de acceso que supoñan un cambio de comercializador suporán, de forma automática e a partir da data efectiva deste, o traspaso desde o comercializador saínte ao comercializador entrante do correspondente contrato de capacidade de saída do punto virtual de balance ao consumidor final.

5. As solicitudes de acceso que non supoñan cambio de comercializador, incluídas as altas de novas subministracións e as modificacións de capacidade contratada de subministracións existentes, requirirán, así mesmo, a comprobación previa por parte do

operador das instalacións de que existe capacidade suficiente e resolveranse nun prazo máximo de cinco días a partir de que o distribuidor ou transportista reciba a solicitude. No caso da contratación de produtos mensuais, esta comprobación previa realizarase nun prazo máximo de dous días e, no caso da contratación de produtos diarios ou intradiarios, nun prazo máximo dunha hora.

6. No caso de solicitudes de acceso por parte de futuros consumidores que non estean previamente conectados á rede, aplicarase o procedemento de solicitude de acometidas ou conexións á rede establecido na normativa de aplicación.

7. Os consumidores que formalicen contratos de duración inferior a un ano deberán dispoñer de equipamento de telemedida operativo.

Artigo 17. *Partes contratantes.*

Os contratos relativos aos servizos de descarga de buques, carga de cisternas, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque, posta en frío de buques, entrada e saída do punto virtual de balance desde calquera localización (excepto entradas e saídas desde as plantas de regasificación e os almacenamentos subterráneos básicos) e saída do punto virtual de balance a un consumidor serán subscritos entre os suxeitos con dereito de acceso e os operadores das infraestruturas nas cales se preste o servizo. Os contratos relativos ao resto dos servizos serán subscritos entre os suxeitos con dereito de acceso, os operadores das infraestruturas e o xestor técnico do sistema.

Artigo 18. *Plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema.*

1. Corresponde ao xestor técnico do sistema habilitar e xestionar, por si mesmo ou a través dun terceiro, unha plataforma telemática de solicitude e contratación de capacidade nas instalacións incluídas no réxime regulado de acceso de terceiros, con excepción das interconexións por gasoduto con outros países da Unión Europea e da capacidade de saída do punto virtual de balance a consumidores finais.

2. Os operadores das instalacións deberán ofertar a súa capacidade dispoñible nesta plataforma e recoñecerán os dereitos de capacidade contratados nela.

3. Cada solicitude de adquisición de capacidade introducida suporá un compromiso firme, vinculante para as partes, de adquisición do produto solicitado.

4. Toda solicitude de capacidade introducida na plataforma estará suxeita a un proceso inmediato de validación por parte do xestor técnico do sistema para comprobar que se constituíron garantías suficientes.

5. O contrato perfeccionarase no momento da adxudicación, ou da casación nos casos en que a asignación de capacidade se realice mediante procedementos de mercado.

6. A plataforma posibilitará a contratación con suficiente antelación tendo en conta os horizontes temporais de cada produto.

7. Os contratos realizados consideraranse firmes, vinculantes para as partes, durante todo o período contratado. O titular da capacidade contratada deberá aboar as peaxes e os canons que correspondan.

Artigo 19. *Plataformas de solicitude e contratación de capacidade de saída a un consumidor.*

1. Corresponde aos operadores das redes de transporte e distribución, por si mesmos ou a través dun terceiro, habilitar e xestionar plataformas telemáticas de solicitude e contratación de capacidade de saída do punto virtual de balance aos consumidores finais. Adicionalmente, os operadores das redes de distribución deberán habilitar o portal único de acceso para a contratación de capacidade de saída nas súas redes de distribución.

2. Cada solicitude de adquisición de capacidade introducida suporá un compromiso firme, vinculante para as partes, de adquisición da capacidade solicitada.

3. As solicitudes de capacidade introducidas estarán suxeitas a un proceso de validación por parte do xestor técnico do sistema para comprobar que as garantías constituídas polo subministrador son suficientes, conforme o procedemento establecido nesta circular.

4. Os contratos perfeccionaranse no momento da adxudicación da capacidade e consideraranse firmes, vinculantes para as partes durante todo o período contratado. O titular da capacidade contratada deberá aboar as peaxes que correspondan nos termos desta circular.

Artigo 20. *Contratos de acceso ás instalacións.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución, o contrato marco ou modelo normalizado de contrato de acceso ás instalacións do sistema gasista e as addendas necesarias para incluír as capacidades contratadas. Este modelo integrárase nas correspondentes plataformas telemáticas de solicitude e contratación de capacidade e no portal único de contratación de capacidade de saída das redes de distribución, e será asinado polas partes electronicamente.

2. O operador da instalación non poderá establecer condicionantes adicionais ao acceso ou exixir a inclusión de cláusulas adicionais que non estean recollidas nos modelos normalizados.

3. As condicións mínimas do contrato de acceso que se subscribirá cos operadores das instalacións correspondentes serán as seguintes:

- a) Suxeito obrigado ao pagamento das peaxes e canons de acceso:

O suxeito obrigado ao pagamento das peaxes e canons será o suxeito con dereito de acceso que posúa a titularidade do dereito de capacidade durante o período establecido, xa sexa mediante unha adquisición primaria ou unha adquisición de revenda efectuada no mercado secundario.

En caso de falta de pagamento das peaxes ou canons, o operador das instalacións non poderá exixir o dito pagamento ao consumidor, salvo que este exerza o seu dereito de acceso actuando como consumidor directo en mercado.

A falta de pagamento do contrato de subministración subscrito entre o consumidor e o comercializador non exime este das súas obrigacións de pagamento derivadas do contrato de acceso ás instalacións.

b) Período de pagamento: dez días hábiles desde a data de emisión da factura por parte do operador das instalacións.

c) Incumprimentos: o incumprimento da obrigación de pagamento das peaxes e canons por parte do usuario dará lugar á suspensión parcial ou total do acceso ás instalacións.

No caso de servizos deslocalizados, en que o contrato se subscribe entre o usuario, os operadores das infraestruturas e o xestor técnico do sistema, o incumprimento do contrato por parte do operador da instalación como resultado da observancia dunha instrución ou orde emanada do xestor técnico do sistema non dará lugar á responsabilidade do dito operador; corresponderá asumir as consecuencias do ordenado ao referido xestor.

4. En caso de desconformidade coa aplicación do modelo normalizado de contrato, calquera das partes poderá formular conflito ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que resolverá de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

CAPÍTULO IV

Procedementos de asignación de capacidade

Artigo 21. *Determinación da capacidade que se ofertará.*

1. O xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das infraestruturas gasistas, desenvolverá un procedemento para determinar a capacidade firme que se ofertará nas instalacións, cuxos obxectivos serán a maximización da capacidade dispoñible e a optimización da xestión técnica do sistema, priorizando en todo momento a seguridade de subministración.

2. No caso das plantas de regasificación, o procedemento de cálculo da capacidade que se ofertará incluírá tamén a determinación das posibles condicións de contratación mínima de capacidade para o servizo de descarga de buques (*slots*) que sexa necesaria para minimizar a aparición de restricións na rede de transporte e asegurar a carga de cisternas con destino a plantas satélite de GNL conectadas a unha rede de distribución. Pola súa vez, o xestor técnico do sistema esforzarse ao máximo para cumprir o mínimo técnico de utilización de todas as plantas de regasificación.

3. No procedemento de cálculo da capacidade que se ofertará terase en conta a capacidade nominal das infraestruturas, a capacidade contratada con anterioridade, as previsións de demanda, as programacións dos usuarios e toda aquela información adicional que se considere relevante.

4. O xestor técnico do sistema determinará a capacidade que se ofertará para cada produto, así como as posibles condicións de contratación mínima de capacidade para o servizo de descarga de buques, conforme o procedemento publicado por el.

Artigo 22. *Procedemento de asignación de produtos individuais de capacidade firme na rede de transporte e en plantas de regasificación que non comportan slots.*

1. Para os servizos de regasificación, almacenamento de GNL, carga de cisternas, licuefacción virtual, entrada ao punto virtual de balance, almacenamento no punto virtual de balance e saída do punto virtual de balance, o procedemento xeral de asignación de capacidade serán as poxas, nas cales, para cada servizo, a capacidade se ofertará mediante os produtos definidos nesta circular. Cada poxa referirase a un único tipo de produto e a capacidade asignarase de forma independente para cada servizo.

Os produtos individuais de capacidade firme que se ofertará serán os seguintes:

a) Na poxa de produtos anuais que comecen o 1 de outubro ofertaranse quince produtos anuais, todos eles con data de inicio do 1 de outubro, para os quince períodos anuais seguintes ao ano de gas en que se realiza a poxa. No resto de poxas de produtos anuais ofertarase só un produto anual. Realizaranse catro poxas de produtos anuais ao ano:

- i. No mes de marzo ofertarase o produto anual que comeza en abril.
- ii. No mes de xuño ofertarase o produto anual que comeza en xullo.
- iii. No mes de setembro ofertaranse os quince produtos anuais que comezan en outubro.
- iv. No mes de decembro ofertarase o produto anual que comeza en xaneiro.

b) Nas poxas de produtos trimestrais ofertaranse os catro produtos trimestrais seguintes ao mes en que se realiza a poxa. Realizaranse catro poxas de produtos trimestrais ao ano: en marzo, xuño, setembro e decembro.

c) Na poxa de produtos mensuais ofertaranse os tres produtos mensuais seguintes ao mes en que se realiza a poxa. Realizaranse doce poxas de produtos mensuais ao ano.

d) Na poxa de produtos diarios ofertaranse os produtos diarios comprendidos entre o día de gas seguinte ao que se realiza a poxa e o último día de gas do mes, ambos incluídos.

e) Nas poxas de produtos intradiarios, horariamente, a partir de tres horas antes de que comece o día de gas e até a 1:00 h do día de gas, ofertarase a capacidade efectiva existente desde a cuarta hora posterior á que se realiza a poxa até o peche do día de gas. Haberá tamén unha poxa de produto intradiario o día anterior ao día de gas, unha vez pechada a poxa de produto diario, na cal se asignará capacidade para todo o día de gas.

As capacidades non adxudicadas tras a poxa dun determinado produto pasarán a formar parte da capacidade que se ofertará no produto firme seguinte de duración inferior.

2. As poxas resolveranse mediante un algoritmo de reloxo ascendente de múltiples roldas para os produtos anuais, trimestrais e mensuais, e mediante un algoritmo de prezo uniforme cunha única rolda para produtos diarios e intradiarios. Cando se poxe máis dun produto, o algoritmo de asignación aplicarase de maneira independente a cada produto poxado.

3. O prezo de saída ou o prezo mínimo que se ofertará nas poxas será o valor das peaxes en vigor para cada produto ofertado, aplicando o coeficiente multiplicador correspondente en cada caso.

4. A asignación de capacidade levarase a cabo a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema e esta xerará automaticamente a obrigación contractual irrenunciabile entre o operador da infraestrutura, o xestor técnico do sistema e o suxeito con dereito de acceso, pola capacidade asignada a través da dita plataforma.

5. Para cada produto establecerase un período inicial para a recepción de solicitudes de capacidade. No caso de que se oferte máis dun produto, os suxeitos remitirán solicitudes independentes para cada un deles.

6. No caso das cisternas que subministran a redes de distribución, non será necesario que se solicite capacidade, de conformidade co artigo 10.4 desta circular. A capacidade contratada por cada usuario para atender estes clientes determinarase unha vez que se coñezan os datos relativos á repartición media diaria do GNL cargado polo usuario no mes. Os operadores de instalacións, en colaboración co xestor técnico do sistema, desenvolverán un procedemento para a programación e nominación da carga de cisternas.

7. Os participantes deberán depositar as correspondentes garantías pola capacidade solicitada. O xestor técnico do sistema requirirá a liberación de garantías correspondentes á capacidade solicitada e non adxudicada, unha vez que se comunicase a asignación definitiva do procedemento de poxa.

8. Os procedementos detallados de desenvolvemento das poxas e dos mecanismos de mercado e a información que se incluírá nas solicitudes de capacidade serán aprobados mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Corresponde ao xestor técnico do sistema determinar o calendario de realización dos procedementos de asignación.

9. O disposto neste artigo non é de aplicación á contratación de capacidade de saída do punto virtual de balance a consumidores finais.

Artigo 23. *Procedemento de asignación dos produtos individuais de capacidade firme en plantas de regasificación que comportan slots.*

1. Para os servizos de descarga de buques, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques, a capacidade ofertarase mediante *slots*, de forma independente para cada servizo, nos seguintes procedementos de asignación:

a) Procedemento de periodicidade anual, en que se ofertarán *slots* para os quince anos de gas seguintes. Realizarase un procedemento de asignación de produtos anuais ao ano, no mes de xullo.

b) Procedemento de periodicidade mensual, en que se ofertarán *slots* para os doce meses naturais seguintes. Realizaranse doce procedementos de asignación mensuais ao ano.

2. En cada procedemento, anual ou mensual, establecerase un período inicial para a recepción de solicitudes de *slots*. As solicitudes de *slots* para os cales se indique unha data concreta de inicio terán prioridade na asignación do *slot* fronte a aquelas en que só se indique o mes do *slot*.

3. Tanto nos procedementos de periodicidade anual como mensual, asignaranse directamente aqueles *slots* cuxa demanda non supere a oferta nunha planta e un mes determinado, e aqueles para os cales non haxa máis dunha solicitude. Para o resto dos *slots* proporáselles aos usuarios afectados a posibilidade de modificar voluntariamente as súas solicitudes. Se, tras iso, a demanda de *slots* segue a exceder a oferta nalgún mes nunha planta ou segue habendo máis dunha solicitude para un mesmo *slot*, aplicarase un mecanismo de mercado (poxa) que permita resolver estas situacións.

4. Nos procedementos de asignación de *slots* de descarga de buques de periodicidade mensual, se para algún dos dous primeiros meses ofertados non se cumpren os requirimentos de contratación mínima de *slots*, de ser o caso, ofertaráselles aos usuarios a posibilidade de modificar voluntariamente a localización dos *slots* reservados ás plantas para as cales se determinen requisitos de contratación mínima, sen que isto supoña un custo adicional para eles. Se, tras isto, seguen sen se cumprir os requirimentos de contratación mínima de *slots*, aplicarase un mecanismo de mercado (poxa) que permita alcanzar a contratación mínima requirida, en que participarán todos os usuarios con *slots* reservados nos meses afectados.

Este mecanismo de mercado encarecerá progresivamente o prezo dos *slots* reservados, agás os *slots* libres e os reservados nas plantas para as cales se determinen requisitos de contratación mínima, e permitirá aos usuarios modificar a localización dos *slots* reservados noutras plantas ás plantas para as cales se determinen requisitos de contratación mínima.

5. Os *slots* que queden sen asignar para o primeiro mes ofertado no procedemento de periodicidade mensual ofertaranse diariamente e asignaráselles aos usuarios por orde cronolóxica de solicitude.

6. As datas, a localización e o número de *slots* ofertados poderán variar diariamente e dun procedemento de asignación a outro, en función da evolución da contratación e do uso das infraestruturas, co fin de maximizar a capacidade ofertada e optimizar a utilización do sistema gasista.

7. Os mecanismos de mercado (poxas) para resolver as situacións en que a demanda supere a oferta de *slots* e para acadar os requirimentos de contratación mínima serán aprobados mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Corresponde ao xestor técnico do sistema determinar o calendario de realización destes procedementos.

8. A asignación dos *slots* levarase a cabo a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema e esta xerará automaticamente a obriga contractual irrenunciable entre o operador da infraestrutura e o suxeito con dereito de acceso polo *slot* asignado a través da dita plataforma.

9. Os participantes deberán depositar as correspondentes garantías pola capacidade solicitada. O xestor técnico do sistema requirirá a liberación de garantías correspondentes aos *slots* solicitados e non adxudicados, unha vez que se comunicase a asignación definitiva do procedemento.

Artigo 24. *Procedemento de asignación dos servizos agregados que inclúen regasificación.*

1. Este artigo será de aplicación exclusivamente aos servizos agregados definidos nesta circular que inclúen o servizo de regasificación.

2. Aqueles usuarios que queiran solicitar servizos agregados que inclúan a descarga de buques comunicaranos ao solicitar o *slot* de descarga afectado. Un mesmo buque poderá ser compartido por varios usuarios e descargar gas destinado a servizos agregados e non agregados.

3. Aqueles usuarios que queiran solicitar servizos agregados que non inclúan a descarga de buques comunicaranos ao solicitar a capacidade de almacenamento de GNL inicial asociada ao servizo, que será considerada tamén como os kWh para regasificar solicitados.

A data de inicio de prestación do servizo, que será considerada como a data de inicio do período de regasificación, deberá estar comprendida dentro do horizonte temporal ofertado no proceso de asignación en que se solicite o servizo e a prestación do servizo prolongarase durante o período de regasificación asignado.

4. Tras a solicitude de servizos agregados conforme os dous puntos anteriores, considerarase como solicitada a capacidade para o resto dos servizos individuais que conforman o servizo agregado e non se deberá formular unha solicitude adicional para eles.

5. Cando a capacidade dispoñible sexa suficiente, asignarase implicitamente a capacidade correspondente a todos os servizos que conforman o servizo agregado.

6. Cando non exista capacidade suficiente, ofreceráselles aos solicitantes a posibilidade de modificar a data de inicio do servizo agregado ou a cantidade solicitada. Se aínda así segue sen existir capacidade suficiente, rexeitaranse as solicitudes de servizos agregados e os usuarios afectados poderán optar á solicitude dos servizos individuais, en competencia co resto de solicitudes.

Artigo 25. *Procedemento de asignación nos almacenamentos subterráneos básicos.*

1. Para o servizo agregado de almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción, o procedemento xeral de asignación de capacidade serán as poxas, en que a capacidade se ofertará mediante os produtos definidos nesta circular, de modo que cada poxa se referirá a un único tipo de produto.

Os produtos de capacidade que se ofertarán serán os seguintes:

a) Nas poxas de produtos anuais ofertarase un único produto anual. Realizarase unha poxa de produto anual ao ano, en marzo.

b) Nas poxas de produtos trimestrais ofertaranse catro, tres, dos ou un trimestre, segundo corresponda.

Realizaranse catro poxas de produtos trimestrais ao ano, de modo que na primeira poxa se ofertarán os catro trimestres do período comprendido entre abril dun ano e marzo do ano seguinte; na segunda poxa ofertaranse os tres trimestres restantes do dito período; na terceira poxa ofertaranse os dous trimestres restantes do período, e na cuarta poxa ofertarase o último trimestre do período.

c) Na poxa de produtos mensuais ofertaranse tres produtos mensuais para os tres meses naturais seguintes, excepto na poxa que se realice no mes de xaneiro, en que só se ofertarán os dous produtos mensuais para os dous meses naturais seguintes, e na poxa do mes de febreiro, en que só se ofertará o produto mensual do mes natural seguinte. Realizaranse doce poxas de produtos mensuais ao ano.

As poxas resolveranse mediante un algoritmo de reloxo ascendente de múltiples roldas. O prezo de saída nas poxas será o valor das peaxes en vigor para cada produto ofertado.

Para o servizo agregado de almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción, os usuarios solicitarán exclusivamente capacidade de almacenamento de gas natural. Unha vez adxudicada esta, asignarase diariamente a cada usuario capacidade de inxección ou extracción, así como as capacidades de entrada ao punto virtual de balance e de saída do punto virtual de balance correspondentes. As capacidades de inxección e extracción de cada usuario calcularanse tendo en conta a capacidade técnica dispoñible, descontando a capacidade reservada para a súa oferta como produtos de curto prazo, de forma proporcional á capacidade contratada por cada suxeito, pero sen contabilizar a súa capacidade de almacenamento para o mantemento de existencias mínimas de carácter estratéxico.

Existirá un procedemento específico de asignación de capacidade de inxección e extracción de existencias mínimas de carácter estratéxico. Para estes efectos, o xestor técnico do sistema, tras consulta pública e logo de comunicación á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, desenvolverá anualmente o procedemento de asignación dos dereitos de inxección e extracción de existencias mínimas de carácter estratéxico.

A asignación das capacidades de inxección e extracción seguirá as seguintes regras:

i. O xestor técnico do sistema, en función das necesidades do mercado e do nivel de utilización das instalacións, determinará a duración dos ciclos de inxección e extracción. Estes non se limitarán necesariamente a un único ciclo de inxección e outro de extracción ao ano, e a súa duración poderá modificarse segundo requira o sistema. As modificacións publicaranse na súa páxina web con suficiente antelación.

ii. Durante os ciclos de inxección asignaráselles aos usuarios capacidade de inxección e a capacidade de extracción daquelas infraestruturas que poidan inverter o seu ciclo de funcionamento para o día de gas.

iii. Durante os ciclos de extracción asignaráselles aos usuarios capacidade de extracción e a capacidade de inxección daquelas infraestruturas que poidan inverter o seu ciclo de funcionamento para o día de gas.

iv. Tras a primeira nominación, realizada o día anterior ao día de gas, ofertarase como produto individual diario e intradiario con carácter interrompible:

a) A capacidade de inxección calculada como a suma da capacidade de inxección non nominada máis as capacidades de extracción nominadas.

b) A capacidade de extracción calculada como a suma da capacidade de extracción non nominada máis as capacidades de inxección nominadas.

2. Para os servizos individuais de almacenamento de gas natural nos almacenamentos subterráneos básicos, inxección e extracción, o procedemento xeral de asignación de capacidade serán as poxas en que, para cada servizo, a capacidade se ofertará mediante os produtos definidos nesta circular. Cada poxa referirase a un único tipo de produto e a capacidade asignarase de forma independente para cada servizo.

Os produtos individuais de capacidade firme que se ofertarán serán os seguintes:

a) Na poxa de produtos diarios ofertarase un só produto diario para o día de gas seguinte.

b) Nas poxas de produtos intradiarios, horariamente, a partir das tres horas antes de que comece o día de gas e até a 1:00 h do día de gas, poxarase a capacidade efectiva existente desde a cuarta hora posterior á que se realiza a poxa até o peche do día de gas. Haberá tamén unha poxa de produto intradiario o día anterior ao día de gas, unha vez pechada a poxa de produto diario, na cal se asignará capacidade para todo o día de gas.

Para cada produto establecerase un período inicial de recepción de solicitudes de capacidade. No caso de que se oferte máis dun produto, os suxeitos remitirán solicitudes independentes para cada un deles. As poxas comezarán ao mesmo tempo e resolveranse mediante algoritmos de prezo uniforme cunha única rolda. O prezo mínimo que se ofertará nas poxas será o valor das peaxes en vigor para cada produto ofertado.

3. Tanto para os servizos agregados como para os individuais, as capacidades non adxudicadas tras a poxa dun determinado produto entrarán a formar parte da capacidade ofertada no produto seguinte de menor duración. A capacidade do servizo agregado que non fose contratada tras a poxa dos produtos mensuais pasará a ofertarse como produtos individuais diarios. Ademais, a asignación dos produtos de inxección ou extracción suporá a asignación implícita das capacidades de saída ou entrada ao punto virtual de balance correspondentes.

4. A asignación de capacidade nos almacenamentos subterráneos básicos levarase a cabo a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema. Esta xerará automaticamente a obriga contractual

irrenunciabile entre o operador da infraestrutura, o xestor técnico do sistema e o suxeito con dereito de acceso, pola capacidade asignada.

5. Os participantes deberán depositar as correspondentes garantías pola capacidade solicitada. O xestor técnico do sistema requirirá a liberación de garantías correspondentes á capacidade solicitada e non adxudicada, unha vez que se comunicase a asignación definitiva do procedemento de poxa.

6. Os procedementos detallados de desenvolvemento das poxas serán aprobados mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Corresponde ao xestor técnico do sistema determinar o calendario de realización dos procedementos de asignación.

Artigo 26. *Contido mínimo das solicitudes de capacidade de produtos individuais.*

1. As solicitudes de capacidade deberán conter toda a información necesaria para a correcta identificación, contratación e facturación do produto solicitado.

2. As solicitudes de capacidade dos produtos individuais ofertados nas plantas de regasificación conterán, como mínimo, a seguinte información:

a) Almacenamento de GNL: capacidade de almacenamento de GNL solicitada (en kWh) durante a duración do produto.

b) Regasificación: capacidade de regasificación solicitada (en kWh/d) durante a duración do produto (ou ben kWh no caso de produtos intradiarios). Adicionalmente, indicarse se se desexa contratar a capacidade de entrada ao punto virtual de balance que corresponde á capacidade de regasificación solicitada.

c) Carga de cisternas: planta en que se solicita o produto, número de cisternas que se cargarán e capacidade de carga diaria solicitada (en kWh/día). Cando o horizonte temporal do produto solicitado sexa trimestral ou anual, o número de cisternas que se cargarán proporcionarase por mes.

d) Licuefacción virtual: capacidade de transferencia de gas (en kWh/d) desde o punto virtual de balance até o tanque virtual de balance en forma de GNL, durante a duración do produto (ou ben kWh no caso de produtos intradiarios).

e) *Slots* de descarga de buques, carga de GNL de planta a buques, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques: planta en que se solicita o produto, aproximación dos kWh que se descargarán ou cargarán e número de *slots* solicitados para cada mes. Con carácter opcional, os solicitantes poderán indicar a data concreta de inicio do *slot*. Para o produto de posta en frío de buques deberán indicarse, ademais, o tipo de buque e a atmosfera coa cal vén o buque.

Nos procesos de asignación de periodicidade mensual será obrigatorio indicar as datas concretas de inicio de todos os *slots* reservados para os dous primeiros meses ofertados; para o resto dos meses deberase proporcionar, polo menos, o número de *slots* solicitados para cada mes. Os usuarios que reservasen *slots* para eses dous meses en procesos anteriores disporán até ese momento para concretar as datas dos ditos *slots*. De non o faceren, perderán o dereito ao seu uso, sen prexuízo do pagamento das peaxes correspondentes que sexan de aplicación.

Cando os buques sexan compartidos entre varios usuarios, indicarse a repartición das cantidades que se cargarán ou descargarán entre eles. Igualmente, cando se desexe destinar o GNL tanto a servizos individuais como a servizos agregados, cada usuario indicará a porcentaxe de kWh destinada a servizos agregados.

3. As solicitudes de capacidade dos produtos individuais de entrada e saída do punto virtual de balance conterán, como mínimo, a seguinte información:

a) Entrada ao punto virtual de balance: punto de entrada solicitado e capacidade (en kWh/d) solicitada para produtos de duración diaria ou superior (ou ben kWh para produtos intradiarios). Para estes efectos, as plantas de regasificación constituirán un único punto de entrada, ao igual que os almacenamentos subterráneos básicos.

b) Saída do punto virtual de balance: punto de saída solicitado e capacidade (en kWh/d) solicitada para produtos de duración diaria ou superior (ou ben kWh para produtos intradiarios). Para estes efectos, as plantas de regasificación constituirán un único punto de saída, ao igual que os almacenamentos subterráneos básicos.

c) Saída do punto virtual de balance a un consumidor: identificación do punto de subministración, data de inicio e finalización do produto e capacidade (en kWh/d) solicitada para produtos de duración superior á diaria (ou ben kWh se o produto ten unha duración inferior a 24 h).

4. As solicitudes de capacidade dos produtos individuais nos almacenamentos subterráneos conterán, como mínimo, a seguinte información:

a) Almacenamento de gas natural: capacidade solicitada (en kWh/d) para produtos de duración diaria (ou ben kWh para produtos intradiarios).

b) Inxección: capacidade solicitada (en kWh/d) para produtos diarios (ou ben kWh para produtos intradiarios).

c) Extracción: capacidade solicitada (en kWh/d) para produtos diarios (ou ben kWh para produtos intradiarios).

5. Agás os produtos de saída do punto virtual de balance a consumidores finais conectados a redes de distribución e a consumidores finais conectados a redes de transporte onde a contratación a xestione o operador da dita rede a través da súa plataforma, as solicitudes de capacidade dos produtos individuais realizaranse a través da plataforma telemática de solicitude e contratación xestionada polo xestor técnico do sistema. Nesta plataforma, o xestor técnico do sistema proporcionará aos usuarios formularios estándar coa información que estes deberán remitir, segundo o tipo de produto de capacidade.

6. Para os produtos de saída do punto virtual de balance a consumidores finais conectados a redes de distribución e a consumidores finais conectados a redes de transporte onde a contratación a xestione o operador da dita rede a través da súa plataforma, as solicitudes de capacidade dos produtos individuais realizaranse a través do portal único de contratación dos operadores de redes de distribución e da plataforma telemática de solicitude e contratación dos operadores das redes de transporte. Os operadores proporcionarán aos usuarios formularios estándar coa información que estes deberán remitir, segundo o tipo de produto de capacidade.

Artigo 27. *Contido mínimo das solicitudes de capacidade de servizos agregados.*

1. As solicitudes de capacidade deberán conter toda a información necesaria para a correcta identificación, contratación e facturación do produto solicitado.

2. As solicitudes de capacidade dos servizos agregados de descarga de buques, almacenamento de GNL e regasificación, con ou sen entrada ao punto virtual de balance, deberán conter, como mínimo, ademais da información solicitada para os produtos individuais de descarga de buques, o número de días do período de regasificación solicitado e a data de inicio do servizo de regasificación, que poderá ser o día de inicio da descarga ou o día de gas seguinte.

3. As solicitudes de capacidade dos servizos agregados de almacenamento de GNL e regasificación, con ou sen entrada ao punto virtual de balance, deberán conter, como mínimo, o valor da capacidade de almacenamento de GNL inicial asociada ao servizo, que será considerada tamén como os kWh que se vaian regasificar solicitados, a data de inicio do servizo e o número de días do período de regasificación solicitados.

4. As solicitudes de capacidade do servizo agregado de descarga de buques, almacenamento de GNL e carga de GNL de planta a buques conterán toda a información necesaria para a asignación e prestación do servizo conforme a oferta de produtos que anualmente se publique, en caso de que este servizo se oferte.

5. As solicitudes de capacidade do servizo agregado de almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción deberán conter, como mínimo, os kWh solicitados.

6. As solicitudes de capacidade dos servizos agregados realizaranse a través da plataforma telemática de solicitude e contratación xestionada polo xestor técnico do sistema. Nesta plataforma, o xestor técnico do sistema proporcionará aos usuarios formularios estándar coa información que estes deberán proporcionar, segundo o tipo de servizo agregado.

Artigo 28. Orde dos procedementos de asignación dos produtos de capacidade firme en plantas de regasificación e rede de transporte.

1. Os procedementos de asignación dos produtos de capacidade firme realizaranse coa seguinte orde:

- 1.º Asignación dos *slots* de descarga de buques.
- 2.º Asignación dos produtos de almacenamento de GNL.
- 3.º Asignación dos produtos de regasificación e entrada ao punto virtual de balance.

A asignación dos produtos de regasificación para os cales se solicitase a correspondente capacidade de entrada ao punto virtual de balance suporá a asignación implícita da dita capacidade de entrada ao punto virtual de balance.

- 4.º Asignación dos produtos de carga de cisternas.
- 5.º Asignación dos produtos de licuefacción virtual e saída do punto virtual de balance.

6.º Asignación dos produtos de carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques.

2. Os produtos de maior duración asignaranse con anterioridade aos de menor duración, de maneira que se comezará coa asignación dos produtos anuais, segundo a orde sinalada no punto 1 deste artigo, seguidos dos trimestrais e, posteriormente, os mensuais, segundo corresponda.

3. Non se rexerán pola orde establecida neste artigo os procedementos de asignación dos produtos diarios e intradiarios, que poderán ser desenvolvidos simultaneamente.

Artigo 29. Facturación da capacidade contratada.

1. As peaxes relativas aos servizos de descarga de buques, carga de cisternas, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque, posta en frío de buques, entrada e saída do punto virtual de balance desde calquera localización (excepto entrada e saída desde as plantas de regasificación e os almacenamentos subterráneos básicos) e saída do punto virtual de balance a un consumidor serán facturadas polos operadores das infraestruturas en que se preste o servizo. As peaxes e os canons relativos ao resto dos servizos serán facturados polo xestor técnico do sistema.

2. A contratación dos servizos individuais referidos nesta circular comportará o pagamento das peaxes relativas a cada servizo aplicables en cada caso, agás o servizo de licuefacción virtual, que comportará o pagamento da peaxe de licuefacción virtual e da peaxe de saída do punto virtual de balance a plantas de regasificación.

3. As peaxes aplicables serán as peaxes vixentes no momento en que se preste o servizo. Para os produtos de duración inferior á anual, as peaxes veranse afectadas polos coeficientes multiplicadores que correspondan.

4. A contratación do servizo individual de carga de cisternas que subministran a plantas satélites conectadas a redes de distribución comportará o pagamento da peaxe correspondente ao produto anual pola capacidade contratada.

5. A contratación dos servizos agregados que inclúen o servizo de regasificación comportará o pagamento das peaxes relativas a cada un dos servizos individuais que os compoñen, segundo segue:

a) Servizo de descarga de buques. Aplicarase a peaxe de descarga de buques para o *slot* reservado.

b) Servizo de regasificación. Aplicarase a peaxe de regasificación correspondente ao produto anual, considerando a capacidade de regasificación asignada, e facturarse o número de días do período de regasificación contratado.

c) Servizo de almacenamento de GNL. Aplicarase a peaxe de almacenamento de GNL correspondente ao produto diario, considerando a capacidade de almacenamento de GNL diaria asignada durante a duración do período de regasificación contratado.

d) Servizo de entrada ao punto virtual de balance. Aplicarase a peaxe de entrada ao punto virtual de balance desde plantas de regasificación correspondente ao produto diario, considerando a capacidade de entrada ao punto virtual de balance asignada, e facturarse o número de días do período de regasificación contratado.

6. A contratación do servizo agregado de almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción comportará o pagamento das peaxes relativas a cada un dos servizos individuais que o compoñen, así como a peaxe de entrada ao punto virtual de balance ou de saída do punto virtual de balance, segundo corresponda.

7. Ás peaxes que deben satisfacer os usuarios engadiráselles a prima resultante do procedemento de mercado en que sexan asignados, de ser o caso.

8. Os contratos realizados, tanto para os servizos individuais como para os servizos agregados, consideraranse firmes e vinculantes para as partes durante todo o período contratado. O titular da capacidade contratada deberá aboar, ao menos, a parte fixa das peaxes que correspondan, mesmo no caso de non utilizar a capacidade. Cando a peaxe non dispoña de parte fixa, aboarse a totalidade da parte variable.

9. Se como resultado da asignación de capacidade se obteñen ingresos adicionais aos previstos en aplicación das peaxes e canons en vigor, estes terán a consideración de ingresos liquidables do sistema.

Artigo 30. *Reserva de capacidade para contratos de curto prazo.*

1. Da capacidade nominal existente para os servizos de regasificación, entrada ao PVB desde planta de regasificación e carga de cisternas de GNL reservarse un 5% para a súa oferta como produtos trimestrais, que será ofertada o primeiro trimestre de cada poxa de produtos trimestrais, outro 5% para a súa oferta como produtos mensuais, que será ofertada para o primeiro mes de cada poxa de produtos mensuais, e outro 5% para a súa oferta como produtos diarios, que será ofertada o primeiro día de cada poxa de produtos diarios.

2. Da capacidade nominal existente para o servizo de almacenamento de GNL reservarse un 10% para a súa oferta como produtos trimestrais, que será ofertada o primeiro trimestre de cada poxa de produtos trimestrais, outro 10% para a súa oferta como produtos mensuais, que será ofertada para o primeiro mes de cada poxa de produtos mensuais, e outro 5% para a súa oferta como produtos diarios, que será ofertada o primeiro día de cada poxa de produtos diarios.

3. Da capacidade nominal existente para o servizo de descarga de buques reservarse un 10% para a súa oferta no procedemento de asignación de periodicidade mensual, que será ofertada para o primeiro mes.

Nas poxas en que se ofrezca capacidade para quince anos, incluídas as poxas de produtos que se contratan mediante *slots*, desde o segundo ano de gas ofertado comercializarase só o 50% da capacidade nominal.

4. Da capacidade de almacenamento subterráneo básico reservaranse 100 GWh para a súa oferta como produto diario individualizado. Da capacidade dispoñible diaria de inxección e extracción reservarse un 10% para a súa oferta como produtos diarios individualizados.

Artigo 31. *Procedemento de asignación do servizo agregado de descarga, almacenamento e recarga.*

1. A asignación de produtos relativos ao servizo agregado de descarga de buques, almacenamento de GNL e carga de GNL a buques dará dereito ao uso das instalacións dunha planta de regasificación concreta necesarias para prestar os servizos individuais que o compoñen ao longo dun período de tempo determinado.

2. Durante o tempo que dure a prestación do servizo, os adxudicatarios poderán realizar, na planta asignada, operacións de descarga de buques e carga de GNL a buques que cumpran cos requirimentos técnicos e condicións de uso establecidos nas especificacións da oferta do servizo, e poderán utilizar unha capacidade de almacenamento de GNL até o valor máximo definido.

3. Na oferta dos produtos indícarase a planta en que se prestará o servizo, o tamaño mínimo e máximo de buques admitido, a capacidade de almacenamento de GNL, o período de tempo para o cal se oferta a capacidade, as condicións de uso e o procedemento de comunicación entre o usuario, o operador da planta e o xestor técnico do sistema.

4. As capacidades de descarga e carga de GNL a buques só poderán ser utilizadas polo adxudicatario para almacenar ou recargar GNL nas condicións establecidas na definición do servizo agregado e estas non poderán ser transferidas, de forma desagregada, a outros usuarios.

5. A proposta do xestor técnico do sistema referida no artigo 9.7 desta circular, sobre oferta de produtos relativos ao presente servizo agregado, será remitida á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, anexando os cálculos e a documentación técnica que a xustifique. Con base na proposta recibida, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá aprobar anualmente, mediante resolución, a oferta de produtos de capacidade asociados ao servizo agregado referido neste artigo.

Artigo 32. *Flexibilidade de uso dos slots contratados.*

1. Os adxudicatarios de *slots* relativos aos servizos de descarga de buques, carga de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques poderán solicitar a modificación da localización, da data de inicio de prestación do servizo e do tamaño do buque, sempre que exista capacidade dispoñible, sexa posible pola operación da planta de regasificación, non se afecten os dereitos adquiridos por outros usuarios e a nova data de prestación do servizo estea comprendida no prazo dun mes anterior e posterior á data reservada na adxudicación do servizo. O xestor técnico do sistema desenvolverá, en colaboración cos operadores de instalacións e tras consulta pública, os requisitos loxísticos para a modificación de *slots* contratados, que publicará na súa páxina web.

2. Cada *slot* só poderá ser modificado o número de veces que se estableza mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e as solicitudes de cambio deberán realizarse cunha antelación mínima de cinco días á data de inicio de prestación do servizo, ou á nova data de inicio solicitada cando esta sexa anterior. Para o servizo de descarga de buques non serán consideradas modificacións aquelas solicitudes de axuste da data de descarga que teñan lugar dentro do mes da data orixinal de descarga e sempre que a nova data solicitada se encontre tamén no dito mes ou na primeira semana do mes seguinte. As condicións para axustar estas datas de descarga determinaranse no procedemento para a modificación de *slots* contratados referido no punto 1 deste artigo.

3. En calquera caso, os usuarios deberán aboar os *slots* adquiridos independentemente de faceren ou non uso deles.

Artigo 33. *Flexibilidade de uso dos servizos agregados con regasificación.*

1. Os usuarios adxudicatarios de servizos agregados que inclúen o servizo de regasificación poderán solicitar diariamente a modificación da capacidade de regasificación,

dentro dunha marxe comprendida entre un 5% por riba e por debaixo da capacidade de regasificación asignada de acordo co servizo contratado.

2. As modificacións indicadas no punto anterior non poderán dar lugar en ningún momento a unhas existencias que superen en máis dun 5% a capacidade diaria de almacenamento de GNL asignada de acordo co servizo contratado, caso en que o xestor técnico do sistema considerará diariamente as nominacións mínimas que permitan satisfacer esta condición. En calquera caso, a nominación correspondente ao último día do período de prestación do servizo será tal que as existencias de GNL do usuario asociadas ao servizo agregado sexan nulas cando finalice.

3. Esta flexibilidade no uso dos servizos agregados non suporá un custo adicional para o usuario.

CAPÍTULO V

Outras disposicións en relación co acceso ás instalacións

Artigo 34. *Mercado secundario de capacidade.*

1. A capacidade contratada que fose asignada sen prima adicional poderá ser obxecto de compravenda ou subarrendamento a outros suxeitos con dereito de acceso, coa excepción da capacidade de saída do punto virtual de balance a un consumidor, que se considera asociada a cada consumidor.

2. As operacións de compravenda ou subarrendamento de capacidade poderán realizarse pola cantidade total de capacidade contratada ou por unha parte dela, e pola duración temporal total contratada ou por unha parte dela. En calquera caso, estas deberán axustarse aos produtos estándar de contratación de capacidade e, se iso der lugar a produtos de menor duración, estes serán considerados como tales para todos os efectos, en particular, en canto á facturación das peaxes.

3. O xestor técnico do sistema proporcionará na súa plataforma de solicitude e contratación de capacidade ferramentas que faciliten aos usuarios a cesión e/ou o subarrendamento da capacidade contratada que, polo menos, deberán incluír un taboleiro de anuncios que permita a publicación de ofertas e demandas de capacidade por parte dos usuarios.

4. Os usuarios poderán realizar operacións de compravenda ou subarrendamento de capacidade libremente, a través de acordos bilaterais ou a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema. Con independencia do método utilizado para a transacción, todas as operacións deberán quedar anotadas na dita plataforma, e as operacións de compravenda deberán ser validadas previamente polo xestor técnico do sistema en relación coa suficiencia das garantías constituídas.

5. Os operadores das instalacións terán a obriga de facilitar as transaccións de capacidade no mercado secundario e recoñecer a transferencia dos dereitos de capacidade que se lles notifique.

6. O xestor técnico do sistema levará un rexistro das operacións realizadas, de forma que en todo momento se encontre reflectida a titularidade da capacidade contratada no sistema ou, no caso de subarrendamento, o titular do dereito de nominación.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá acceso telemático ao rexistro de operacións de revenda e subarrendamento de capacidade.

8. Á capacidade adquirida no mercado secundario mediante compravenda seranlle de aplicación todos os dereitos e obrigacións asociados aos contratos realizados cos operadores das instalacións, incluída a constitución das garantías que sexan de aplicación.

9. Os adxudicatarios de capacidade relativa a servizos agregados só poderán transmitir a capacidade de forma íntegra, mantendo as características do servizo agregado primixenio.

Artigo 35. *Normativa para a xestión técnica do sistema.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante resolución a normativa de xestión técnica do sistema que sexa da súa competencia. Esta normativa será de aplicación a todos os suxeitos que accedan ao sistema, así como aos operadores das instalacións e ao xestor técnico do sistema.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá requirir o xestor técnico do sistema para que, en colaboración co resto dos axentes do sistema gasista, elabore propostas de normativa de xestión técnica do sistema.

3. O xestor técnico do sistema elevará as propostas sinaladas no punto anterior á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que as aprobará logo de consulta pública.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará sobre estes desenvolvementos a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 36. *Supervisión.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será a responsable de supervisar a correcta aplicación e implementación do procedemento de asignación de capacidade na súa totalidade, desde o cálculo e oferta das capacidades correspondentes a cada produto por parte do xestor técnico do sistema até a súa contratación polos suxeitos interesados. Así mesmo, será responsable de resolver calquera conflito entre as partes derivado da súa interpretación e aplicación.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará en todo momento a correcta actuación de todos os axentes involucrados e, en particular, a actuación do xestor técnico do sistema e dos operadores das infraestruturas, co fin de asegurar a transparencia, homoxeneidade e non discriminación do procedemento de asignación de capacidade. Os incumprimentos relativos ao anterior poderán ser constitutivos de infracción administrativa, conforme o disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar ao xestor de garantías, ao operador do mercado e ao xestor técnico do sistema, en calquera momento, a información que considere precisa para o cumprimento da súa función supervisora.

4. O xestor técnico do sistema emitirá un informe anual sobre a aplicación do mecanismo de asignación de capacidade desagregado por produto, en que detallará, polo menos, as capacidades ofertadas para cada produto e a determinación do seu cálculo, as solicitudes recibidas, o desenvolvemento do proceso de asignación, os criterios empregados para a asignación de capacidade e a capacidade asignada a cada solicitante. O informe incluirá a información relativa ao período comprendido entre o 1 de outubro de cada ano e o 30 de setembro do ano seguinte e será remitido á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes de que transcorran tres meses naturais desde a finalización do dito período. Para iso, poderá solicitar a información que necesite dos operadores das infraestruturas.

CAPÍTULO VI

Mecanismos de xestión de conxestións e antiacaparamento de capacidade

Artigo 37. *Principios xerais.*

1. Os mecanismos de xestión de conxestións e antiacaparamento de capacidade nas instalacións aplicaranse con criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación.

O xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das infraestruturas, será o responsable da aplicación destes mecanismos.

2. En calquera caso, de se produciren situacións de conxestión en que se poida ver comprometida a operación normal do sistema, o xestor técnico do sistema poderá adoptar aquelas medidas excepcionais que se establezan na normativa vixente.

3. O xestor técnico do sistema informará en todo momento a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas sobre o detalle das medidas adoptadas, xustificando a súa necesidade.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a correcta aplicación dos mecanismos de xestión de conxestións e resolverá calquera conflito entre as partes derivado da súa aplicación. Para iso, poderá solicitar aos operadores das infraestruturas e ao xestor técnico do sistema a información necesaria.

Artigo 38. *Mecanismo de renuncia de capacidade.*

1. Os operadores das infraestruturas, en coordinación co xestor técnico do sistema, terán a obrigaón de aceptar calquera solicitude de renuncia da capacidade contratada, excepto daqueles produtos que non comportan *slot* cuxa duración sexa diaria ou inferior, pola totalidade ou parte da capacidade contratada, e pola totalidade ou parte do prazo contratado, sempre que a capacidade se libere mediante os produtos normalizados de capacidade definidos nesta circular.

2. O usuario do contrato orixinal manterá os dereitos e obrigaóns relativos á capacidade que reteña, incluído o pagamento das peaxes asociadas. Ademais, até a reasignación da capacidade liberada, o usuario manterá os dereitos e obrigaóns que corresponden á dita capacidade, de acordo co contrato marco de acceso e incluíndo o pagamento das peaxes asociadas.

3. A capacidade liberada mediante a renuncia dun usuario ofertarase, en forma de produtos estándar de capacidade, no primeiro proceso posible de asignación de produtos da maior duración posible, posterior á comunicación da renuncia, sempre que a renuncia se produza antes da data de publicación da capacidade firme que se oferte nese proceso.

4. A capacidade liberada ofertarase xunto co resto da capacidade dispoñible e, para os produtos que non comportan *slot*, reasignarase despois de que se asignase na súa totalidade a capacidade dispoñible existente antes de incorporar a capacidade liberada mediante renuncia.

5. Cando existan varios usuarios que renunciaren á capacidade, esta reasignarase nos procesos de asignación por orde cronolóxica de renuncia, ou pro rata se a comunicación da renuncia tivo lugar o mesmo día.

6. Os usuarios que renunciaren a capacidade non poderán pór condicións respecto á súa reasignación.

7. Cando a capacidade liberada se reasigne a un prezo inferior ao que aboaría o titular da capacidade orixinal, este deberá cubrir a diferenza de prezo.

8. Os titulares da capacidade liberada non poderán ofertala no mercado secundario no período comprendido entre a comunicación da renuncia e a comunicación dos resultados dos procesos de asignación en que se ofrezca a capacidade liberada.

9. O xestor técnico do sistema proporcionará aos usuarios que renunciaren á capacidade a seguinte información para cada renuncia de capacidade recibida:

a) Orde de preferencia no proceso de asignación de capacidade en que participa a capacidade liberada.

b) Resultados dos procesos de asignación: prazo e prezo da capacidade liberada que foi reasignada e o prezo que se deberá pagar pola capacidade reasignada, en caso de ter sido reasignada a un prezo inferior ao do contrato orixinal.

CAPÍTULO VII

Garantías

Artigo 39. *Control dos compromisos asumidos polos suxeitos.*

1. O xestor de garantías manterá continuamente actualizados os compromisos de pagamento e o volume de garantías asociado de cada titular dunha conta de garantías, permitindo ao xestor técnico do sistema verificar que as solicitudes de capacidade recibidas dispoñen de suficientes garantías non comprometidas e realizar os requirimentos de garantías correspondentes á capacidade solicitada.

2. Igualmente, o xestor de garantías verificará que os niveis de garantías non comprometidas dos suxeitos están en todo momento dentro dos límites permitidos establecidos e, en caso contrario, requirirá ao suxeito a presentación de novas garantías.

3. O xestor de garantías comunicará os casos de incumprimento e a execución das garantías á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á Comisión Nacional de Mercados e Competencia e ao xestor técnico do sistema para o inicio, se corresponder, do procedemento de inhabilitación como comercializador ou consumidor directo en mercado.

Artigo 40. *Incumprimento das obrigacións de pagamento das peaxes polos servizos de acceso contratados.*

1. Considerarase que se produce un incumprimento das obrigacións de pagamento das peaxes polos servizos de acceso contratados, incluídos os impostos correspondentes, por parte dun usuario se, unha vez vencido o período de pagamento, a débeda non se aboase e o usuario non comunicase ningunha discrepancia de conformidade ou, téndoa presentado, non depositase unha garantía adicional de acordo co disposto no contrato marco de acceso.

2. No caso de incumprimentos das obrigacións de pagamento relativas a contratos de acceso ás instalacións dos servizos localizados, o responsable da facturación do acceso comunicarallo ao xestor técnico do sistema, quen o notificará ao xestor de garantías.

3. O xestor de garantías executará as garantías constituídas xunto coa penalización establecida nas normas de xestión de garantías. As cantidades debidas e non pagadas en concepto de peaxes e canons de acceso devindarán xuros de demora contados desde a data en que o pagamento for exixible até a data en que efectivamente se realice o dito pagamento.

Se a execución da garantía non permite o cobramento da totalidade da cantidade debida en concepto de peaxes e canons de acceso o día en que o pagamento resulte exixible, minoraranse a pro rata os dereitos de cobramento dos responsables da facturación do acceso que resulten acredores.

Unha vez saldada a débeda, procederase á súa regularización, aboando a cantidade que resultou impagada máis os correspondentes xuros de demora aos acredores.

4. Se a execución das garantías non permite o cobramento da totalidade da cantidade debida, o xestor de garantías comunicarállelo ao xestor técnico do sistema e aos operadores das instalacións, que deixarán en suspenso os servizos de acceso contratados, de modo que o usuario non poderá facer uso deles.

A suspensión dos servizos de acceso afectará todos os servizos de acceso contratados polo usuario (suspensión total) sempre que as cantidades debidas polo usuario superen os 500.000 euros, sumando as cantidades debidas e non cubertas polas garantías para a contratación de capacidade de infraestruturas con acceso de terceiros regulado. Mentres non se supere esa cantidade, aplicarase unha suspensión parcial.

5. A comunicación da suspensión do servizo ao usuario afectado practicarase a través da plataforma de solicitude e contratación do acceso xestionada polo xestor técnico do sistema.

O xestor técnico do sistema tamén informará da suspensión do servizo a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, os operadores de plataformas de comercio e as entidades de contrapartida central e provedores de servizos que notifiquen transferencias de GNL ou gas.

A suspensión do servizo producirá efecto desde o momento da súa comunicación ao usuario, salvo para os servizos de acceso xa contratados para o día de gas en curso, para os cales a suspensión será efectiva a partir do seguinte día de gas.

6. En caso de suspensión parcial dos servizos de acceso contratados por un usuario, o usuario non poderá realizar ningunha contratación adicional de capacidade relacionada cos servizos de acceso que presenten impagamentos.

7. En caso de suspensión total dos servizos de acceso contratados por un usuario:

i. O usuario non poderá realizar ningunha contratación adicional de capacidade, incluído o servizo de saída do punto virtual de balance a consumidores finais.

ii. O usuario non poderá realizar operacións de transferencia de titularidade de gas a outros usuarios con data igual ou superior á data de suspensión do servizo.

8. Os operadores das instalacións informarán da suspensión o xestor técnico do sistema, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

9. A suspensión parcial ou total dos servizos de acceso non eximirá o usuario do cumprimento da totalidade das obrigacións de pagamento que deriven de cada servizo de acceso, conforme a duración total contratada.

10. A falta de pagamento de peaxes por parte dun comercializador poderá determinar o traspaso dos seus clientes a un comercializador de último recurso, nos termos do artigo 82 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

11. As medidas anteriores aplicaranse sen prexuízo das sancións que sexan de aplicación de acordo co establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento.

12. Unha vez realizado voluntariamente o pagamento das cantidades deixadas de satisfacer indebidamente polo usuario, cos xuros que correspondan, así como as cantidades fixas que se devindicasen durante o período de suspensión, o operador restablecerá inmediatamente a prestación dos servizos contratados; este restablecemento será efectivo a partir do seguinte día de gas ao da comunicación do restablecemento.

Artigo 41. Incumplimento dos requirimentos de achega de garantías para a contratación do acceso.

1. Considéranse os seguintes incumprimentos:

a) Incumplimento na achega de novas garantías requiridas. Se ante o requirimento de novas garantías tras unha execución destas o suxeito non regulariza a súa situación nun prazo máximo de dez días hábiles, terá lugar a suspensión total dos servizos de acceso contratados polo usuario. Durante o dito prazo, o usuario non poderá realizar ningunha contratación adicional de capacidade, incluído o servizo de saída do punto virtual de balance a consumidores finais

b) Incumplimento no mantemento dos instrumentos de garantías. Considerarase que se produciu incumplimento cando as garantías non cumpran cos requisitos establecidos, ou ben cando o xestor de garantías requira a súa substitución por outras garantías válidas e, chegado o quinto día hábil anterior á data de expiración das garantías, estas non fosen substituídas.

Neste caso, executarase o importe necesario para cubrir os requirimentos pendentes, se os houber, e aplicarase a penalización establecida na normativa vixente.

2. Os procesos e actuacións asociados a estes incumprimentos desenvolveranse nas normas de xestión de garantías.

Artigo 42. *Importe das garantías requiridas para a contratación de capacidade.*

1. Todo suxeito que desexe contratar capacidade en almacenamentos subterráneos básicos, en plantas de regasificación ou no punto virtual de balance deberá constituír garantías para cada un dos seus contratos en cada instalación.

2. Para os contratos relativos aos servizos individuais de regasificación, almacenamento de GNL, carga de cisternas que subministran plantas satélite non conectadas a redes de distribución, licuefacción virtual, entrada ao punto virtual de balance, almacenamento no punto virtual de balance, saída do punto virtual de balance, saída do punto virtual de balance a un consumidor, almacenamento de gas natural, inxección e extracción, os usuarios deberán constituír unhas garantías equivalentes ao valor de aplicar a peaxe ou canon vixente que corresponda ao uso efectivo do total da capacidade contratada durante:

- a) Dous meses para os contratos de duración anual ou trimestral.
- b) O tempo contratado para os contratos de duración mensual, diaria e intradiaria.

Para determinar o valor da parte fixa e variable da peaxe ou canon teranse en conta as capacidades contratadas e considerarase unha duración de 30 días para cada mes.

Para o servizo de saída do punto virtual de balance a un consumidor, no caso dos subgrupos tarifarios que non requiran a especificación da capacidade de saída contratada, para determinar o valor da parte fixa e variable da peaxe considerarase o número medio de clientes de cada suxeito e o consumo medio mensual en cada subgrupo tarifario dos últimos 12 meses.

3. Para o servizo de carga de cisternas que subministran plantas satélite conectadas a redes de distribución, os usuarios deberán constituír unhas garantías equivalentes ao valor de aplicar a peaxe ou canon vixente á utilización, durante dous meses, da capacidade contratada durante o mes anterior ao momento de cálculo da garantía.

4. Para os contratos relativos aos servizos de descarga de buques, carga de GNL de planta a buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío de buques, os usuarios deberán constituír unhas garantías equivalentes ao valor de aplicar a peaxe ou canon vixente que corresponda ao uso efectivo dos *slots* reservados para o mes en curso e os dous meses seguintes.

5. O importe das garantías requiridas para os servizos agregados será:

a) Para os servizos agregados que inclúen o servizo de regasificación, o valor resultante de aplicar a peaxe completa que corresponda ao uso efectivo do total da capacidade contratada.

b) Para o servizo agregado de descarga de buques, almacenamento de GNL e carga de GNL de planta a buques, o que se determine nas resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de oferta dos produtos relativos ao servizo.

c) Para o servizo agregado de almacenamento subterráneo de gas natural, inxección e extracción, a suma do valor resultante de aplicar o termo fixo da peaxe que corresponda á capacidade de almacenamento contratada durante os períodos indicados no punto 2 deste artigo, determinados en función da duración do produto contratado, e do valor resultante de aplicar as peaxes de inxección e extracción á capacidade de almacenamento contratada.

6. No caso de que no procedemento de adxudicación a capacidade fose asignada a un prezo superior ao da peaxe ou canon correspondente, aplicarase o dito prezo para determinar as garantías.

7. Para determinar as garantías consideraranse tamén os coeficientes multiplicadores que resulten de aplicación aos contratos de duración inferior a un ano.

8. Cando teñan lugar cesións de contratos, as garantías que deberá constituír o suxeito que adquire a capacidade determinaranse conforme a tipoloxía e duración dos produtos estándar resultantes da adquisición de capacidade. Os requirimentos de garantías para o suxeito que cede a capacidade reduciranse na parte proporcional correspondente aos días cedidos do seu contrato orixinal.

9. No caso de modificación do valor das peaxes ou canons ou calquera outra circunstancia que dea lugar a unha modificación dos requirimentos de garantías, o xestor técnico do sistema comunicará os novos requirimentos de garantías nun prazo de cinco días hábiles desde a súa entrada en vigor. Os usuarios disporán de cinco días hábiles desde a dita comunicación para adecuarse aos novos valores.

10. O importe da garantía que deberá constituír calquera usuario será, como mínimo, o que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

11. O xestor técnico do sistema habilitará un simulador que proporcionará aos suxeitos un cálculo non vinculante das garantías requiridas, así como o detalle dos cálculos asociados ás garantías.

Artigo 43. *Constitución e vixencia de garantías para contratación de capacidade.*

1. Os requirimentos de garantías para os servizos contratados a través da plataforma de solicitude e contratación de capacidade xestionada polo xestor técnico do sistema realizaranse no momento da contratación de capacidade e a súa vixencia será até trinta días despois do último día do mes en que finalice o servizo contratado.

As garantías deberán constituírse desde o momento da contratación da capacidade, salvo naqueles casos en que a data de inicio dos servizos teña lugar nun prazo superior a seis meses desde o momento da contratación, que se constituirán seis meses antes da data de inicio dos servizos.

As garantías serán liberadas unha vez que se alcance a data da súa fin de vixencia ou, se tiver lugar antes, a partir das 24 horas do día seguinte hábil ao do cobramento efectivo e comprobado da totalidade da peaxe ou canon facturado polo servizo contratado.

2. Os requirimentos das garantías asociadas ás saídas do punto virtual de balance a un consumidor conectado a unha rede de distribución actualizaranse trimestralmente o día 1 dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro. O xestor técnico do sistema publicará na súa páxina web o calendario previsto para as actualizacións trimestrais.

A vixencia dos requirimentos destas garantías será a seguinte:

a) Para o primeiro trimestre do ano, as garantías correspondentes á actualización trimestral do primeiro período terán vixencia para o período do 1 de xaneiro até o 1 de maio.

b) As garantías correspondentes á actualización trimestral do segundo período do ano terán vixencia para o período do 1 de abril até o 1 de agosto.

c) As garantías correspondentes á actualización trimestral do terceiro período do ano terán vixencia para o período do 1 de xullo até o 1 de novembro.

d) As garantías correspondentes á actualización trimestral do cuarto período do ano terán vixencia para o período do 1 de outubro até o 1 de febreiro.

As vixencias serán comunicadas polo xestor técnico do sistema ao xestor de garantías.

As garantías serán liberadas cando se constituán as garantías requiridas para o período seguinte.

Artigo 44. *Cálculo dos requirimentos de garantías para clientes conectados a redes de distribución.*

1. As empresas distribuidoras deberán remitir trimestralmente, antes do quinto día hábil do mes anterior ao de actualización das garantías, ao xestor técnico do sistema a seguinte información:

a) Sobre os subgrupos tarifarios que non requiran a especificación da capacidade de saída contratada:

- Usuario do PVB.
- Nivel de presión.

- Grupo de peaxe.
- Número medio de clientes en cada subgrupo tarifario dos últimos 12 meses.
- b) Sobre o resto de consumidores:
 - Usuario do PVB.
 - Nivel de presión.
 - Grupo de peaxe.
 - Caudal medio diario contratado dos últimos doce meses, con detalle por usuario e subgrupo tarifario.

2. O xestor técnico do sistema solicitará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do quinto día hábil do mes anterior ao de actualización das garantías, os datos relativos ao consumo medio mensual de gas natural de cada subgrupo tarifario dos últimos 12 meses, dispoñibles no sistema de liquidacións.

3. Unha vez recibida a información referida nos dous puntos anteriores:

a) O xestor técnico do sistema calculará os requirimentos provisionais de garantías e informará a cada usuario do seu resultado, incluíndo a información remitida polos distribuidores que fose empregada no seu cálculo.

b) Os usuarios disporán dun prazo de 15 días hábiles para realizar observacións ao xestor técnico do sistema en caso de non conformidade cos requirimentos provisionais. O xestor técnico do sistema e os distribuidores responderán as observacións de non conformidade nun prazo máximo de 5 días hábiles.

c) Unha vez finalizado o período de observacións, o xestor técnico do sistema remitirá ao xestor de garantías os requirimentos definitivos, cun prazo de cumprimento de 5 días hábiles.

4. O usuario constituirá as garantías de contratación da saída do punto virtual de balance a un consumidor asociadas á peaxe correspondente, asignándoas na conta de garantías para contratación de capacidade.

Artigo 45. *Solución de conflitos.*

Os conflitos que poidan xurdir en relación coa xestión das garantías resolveranse de acordo co establecido no artigo 12.1.b) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional primeira. *Plataforma telemática de solicitude e contratación de capacidade.*

A plataforma telemática de solicitude e contratación de capacidade nas instalacións incluídas no réxime regulado de acceso de terceiros a que alude o artigo 18 será o Sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR).

Disposición adicional segunda. *Procedementos que desenvolverá o xestor técnico do sistema en colaboración cos operadores das infraestruturas gasistas.*

Nun prazo de dous meses desde o día seguinte á publicación desta circular, o xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das infraestruturas gasistas, desenvolverá:

1. A definición dos *slots* estándar referidos no artigo 8.4 desta circular.
2. O procedemento de cálculo da capacidade que se ofertará referido no artigo 20.1 desta circular.
3. O procedemento para a programación e nominación da carga de cisternas referido no artigo 22.6 desta circular.
4. Os requisitos loxísticos de modificación de *slots* contratados referidos no artigo 32.1 desta circular.

Para tal fin, deberá levar a cabo unha consulta pública cun prazo de alegacións que non poderá ser inferior a quince días hábiles. Unha vez elaborado, o procedemento será publicado na páxina web do xestor técnico do sistema.

Adicionalmente, o xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das infraestruturas gasistas, desenvolverá o procedemento para a oferta de capacidade interrompible referido no artigo 12.8 desta circular, nun prazo de catro meses, dentro do cal deberá levar a cabo unha consulta pública cun prazo de alegacións que non poderá ser inferior a un mes.

Disposición adicional terceira. *Conta de garantías para operar no sistema gasista.*

1. As garantías para a contratación de capacidade e para a liquidación de desbalances serán administradas de forma conxunta polo operador do mercado como xestor de garantías. Pola súa vez, poderán xestionarse xunto con outras requiridas para operar no sistema gasista, sempre que se respecten as súas condicións e características particulares e o carácter finalista de cada unha das garantías, directamente ou a través dun terceiro. A xestión das garantías deberá obedecer a unha xestión eficiente e eficaz en canto a custos e riscos se refire, e estableceranse os incentivos necesarios para acadar estes obxectivos.

2. Os suxeitos con dereito de acceso e os suxeitos habilitados con carteira de balance nalguna das áreas de balance polo xestor técnico do sistema disporán dunha conta de garantías ante o xestor de garantías, onde se prestarán as garantías establecidas para dar cobertura suficiente ás súas operacións. Os axentes determinarán a parte das garantías asignada a cada finalidade. Os potenciais requirimentos de garantías asociadas a unha finalidade non poderán ser cubertos por garantías comprometidas a outra, salvo o disposto para o efecto nas normas de balance de gas natural.

3. O xestor de garantías permitirá aos axentes asignar as garantías achegadas e non comprometidas ás distintas finalidades, segundo as súas necesidades.

4. As garantías responderán das obrigacións que asuma cada titular da conta de garantías, incluídos impostos vixentes, xuros de demora, penalizacións e cotas que fosen exixibles no momento de pagamento.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante resolución as normas de xestión de garantías para a contratación de acceso e para a liquidación de desbalances do sistema gasista.

6. No caso de finalización das obrigacións de pagamento en relación co acceso ás instalacións e co desbalance nas áreas de balance do sistema gasista, as garantías serán canceladas unha vez satisfeitos todos os pagamentos comprometidos.

Disposición adicional cuarta. *Portal único de acceso conectado ás plataformas dos operadores de redes de distribución*

Antes do día 1 de abril de 2020, e sen prexuízo do disposto no artigo 16.3, as compañías distribuidoras deberán desenvolver o portal único de acceso conectado ás plataformas dos operadores de redes de distribución, previsto no artigo 16.2, para contratar capacidade de saída para a subministración de gas a un consumidor final desde as redes de distribución.

Disposición adicional quinta. *Cómputo de prazos*

Os prazos sinalados na circular computaranse consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, coa excepción do relativo ao «día de gas».

Disposición transitoria primeira. *Traspaso de contratos de capacidade de regasificación e entrada ao punto virtual de balance.*

Con obxecto de aliviar posibles situacións de conxestión en plantas de regasificación, e até o 1 de abril de 2020, aqueles usuarios con dereito de acceso que contratasen

capacidade de regasificación nalgunha planta do sistema gasista poderán transferir os seus contratos, pola totalidade ou por parte da capacidade contratada, a outra planta diferente tantas veces como desexen, para o cal deberá ter transcorrido polo menos un mes desde a última transferencia.

Para iso, deberán remitir unha solicitude de traspaso de capacidade de regasificación e, de ser o caso, de modificación do punto de acceso ao punto virtual de balance ao xestor técnico do sistema, cunha anterioridade mínima de 10 días á data en que o cambio se faría efectivo. Na súa solicitude, o usuario deberá indicar o contrato e a capacidade que desexa traspasar, así como a súa planta de destino. A solicitude afectará a capacidade de regasificación indicada, unha capacidade de acceso ao punto virtual de balance equivalente, de ser o caso, e o prazo restante até a data de finalización do contrato de regasificación ou a data do seguinte traspaso.

O xestor técnico do sistema determinará a viabilidade das solicitudes, desde un punto de vista técnico. Así mesmo, verificará que o traspaso de capacidade non xere prexuízos a terceiros, nin se visen prexudicadas solicitudes de acceso de terceiros, tanto na instalación de orixe como na de destino.

En caso de ser viable, o xestor técnico do sistema notificarállelo ao operador das plantas de orixe e destino e ao operador da rede de transporte a que estean conectadas as ditas plantas, e estes resolverán finalmente sobre a solicitude aplicando os criterios de asignación de capacidade vixentes.

Os cambios non comportarán para os usuarios ningún desconto nin custo adicional ás peaxes, canons e garantías que resulten aplicables aos servizos contratados.

Disposición transitoria segunda. Tratamento dos contratos actuais de regasificación e carga de cisternas e localización de existencias de GNL.

Os titulares de contratos de capacidade de regasificación, carga de cisternas e entrada a PVB desde planta de regasificación asinados con anterioridade á data de publicación desta circular poderán mantelos até o final do período contratado, ou renunciar a eles a partir do 1 de abril de 2020, comunicando a renuncia nun prazo inferior a un mes desde a publicación da circular. A partir da sinalada data do 1 de abril de 2020 e até o 30 de setembro de 2020, os contratos de regasificación e carga de cisternas que manteñan os usuarios non darán dereito á descarga de GNL; esta poderase contratar de conformidade coa disposición transitoria terceira. Desde o 1 de outubro de 2020, os contratos de regasificación e carga de cisternas que manteñan os usuarios non darán dereito, en ningún caso, á descarga e ao almacenamento de GNL. Deberanse contratar, de ser o caso, tales servizos de descarga e almacenamento de maneira independente.

A partir da data de entrada en vigor desta circular, as existencias de GNL consideraranse localizadas no tanque virtual de balance e a capacidade de regasificación contratada non estará vinculada a ningunha planta en particular, de modo que ambos os servizos se prestarán de forma non localizada.

Disposición transitoria terceira. Procedemento transitorio de asignación de capacidade aplicable até o 30 de setembro de 2020.

1. Os usuarios poderán seguir contratando a capacidade que estea dispoñible até o 1 de abril de 2020 de acordo con criterios cronolóxicos de solicitude do acceso.

2. Para os servizos individuais de regasificación, carga de cisternas e entrada ao punto virtual de balance, a capacidade dispoñible desde a sinalada data do 1 de abril de 2020 até o 30 de setembro de 2020 asignarase de acordo coas seguintes normas:

– Os produtos diarios e intradiarios asignaranse mediante criterios cronolóxicos de solicitude.

– Para os produtos anual, trimestral e mensual, o xestor técnico do sistema establecerá un prazo para a recepción de solicitudes de capacidade. Transcorrido o dito prazo, se a capacidade solicitada for inferior á ofertada, esta asignarase e, en caso contrario, o xestor

técnico do sistema efectuará un procedemento de poxa en sobre pechado de prezo uniforme para resolver a asignación.

O produto anual que se ofertará mediante o procedemento descrito nesta disposición terá unha duración comprendida entre a sinalada data de entrada en vigor desta circular e o 30 de setembro de 2020, e os adxudicatarios deberán pagar as peaxes correspondentes ao produto anual.

3. Para os servizos individuais que comportan *slot*, até a data de realización do primeiro procedemento de periodicidade anual en xullo de 2020 os *slots* dispoñibles asignaranse mediante procedementos de periodicidade mensual, en que se ofertarán *slots* para os doce meses naturais seguintes, nas condicións que se expoñen a seguir:

– Aplicaranse as regras de asignación establecidas nesta circular para estes procedementos, utilizando como mecanismos de mercado para resolver as situacións de exceso de demanda ou coincidencia de *slots* as poxas de sobre pechado de prezo uniforme. Con anterioridade á realización das poxas ofreceráselles aos usuarios afectados a posibilidade de modificar voluntariamente as súas solicitudes de *slots*.

– Se non se cumpren os requirimentos de contratación mínima de *slots*, o xestor técnico do sistema poderá declarar situación de operación excepcional e implementar as medidas que considere oportunas para tal efecto.

– Para os slots de descarga de buques ofertados até o 30 de setembro de 2020, os titulares de contratos de capacidade de regasificación ou de carga de cisternas asinados con anterioridade ao día seguinte á data de publicación desta circular disporán dun dereito de asignación prioritaria. Estes calcularanse a nivel mensual, de modo que o usuario poida descargar GNL por un volume equivalente a 30 veces a suma das capacidades diarias de regasificación e de carga de cisternas contratadas para cada mes, e considerando unha descarga media de 1.000 GWh. Se se producen situacións de exceso de demanda ou coincidencia de *slots* prioritarios, estas resolveranse mediante poxas en sobre pechado de prezo uniforme, ofrecendo previamente aos usuarios afectados a posibilidade de modificar voluntariamente as súas solicitudes de *slots*.

4. Non se poderán contratar os servizos agregados que inclúen o servizo de regasificación cunha data de inicio anterior ao 1 de outubro de 2020.

5. Os servizos asignaranse na orde definida nesta circular. O xestor técnico do sistema publicará un calendario coas datas previstas dos procedementos de asignación nun prazo inferior a 15 días hábiles desde a data de publicación desta circular. O primeiro procedemento de asignación de *slots* e de produtos anuais que non comportan *slot* levarse a cabo, como máis tarde, un mes despois da data de publicación da presente circular. O xestor técnico do sistema publicará a capacidade dispoñible con anterioridade á realización dos procedementos de asignación.

6. Esta circular non será de aplicación ao servizo agregado de almacenamento subterráneo, inxección e extracción até o 1 de outubro de 2020, coa excepción do número de produtos trimestrais e mensuais que se oferten en cada procedemento de asignación.

7. Esta circular será de aplicación aos servizos individuais diario e intradiario de almacenamento subterráneo, inxección e extracción quince días despois da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*. Non obstante, até o 1 de outubro de 2020, o mecanismo de resolución das poxas de capacidade consistirá en poxas de sobre pechado ao primeiro prezo, en que cada usuario pagará pola capacidade adxudicada o prezo incluído na súa oferta, até a capacidade correspondente.

Disposición transitoria cuarta. *Contrato marco de acceso.*

Até que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe o contrato marco ou modelo normalizado de contrato de acceso ás instalacións do sistema gasista previsto no artigo 20.1 e as addendas necesarias para incluír as capacidades contratadas, este contrato será o aprobado pola Resolución do 2 de agosto de 2016, da Secretaría de

Estado de Enerxía, pola que se aproba o contrato marco de acceso ás instalacións do sistema gasista español.

Disposición transitoria quinta. *Normas de xestión de garantías.*

Até a aprobación das normas de xestión de garantías sinaladas na disposición adicional terceira desta circular, será de aplicación, con relación ás garantías para a contratación de acceso, o establecido na Resolución do 2 de agosto de 2016, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproban as normas de xestión de garantías do sistema gasista.

Disposición transitoria sexta. *Normativa de xestión técnica do sistema.*

Até o desenvolvemento da normativa de xestión técnica do sistema que corresponda pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, será de aplicación o establecido nas normas de xestión técnica do sistema gasista en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta circular.

Disposición transitoria sétima. *Valor dos parámetros contidos na circular.*

Mentres non se diten as resolucións previstas nos artigos 9.1, 32.2 e 42.10 da presente circular:

1. Fíxase en 10 días e 40 días o valor mínimo e máximo, respectivamente, da duración dos produtos agregados referidos no artigo 9.1.
2. Fíxase en 2 o número de veces que poderá ser modificado cada *slot* contratado, segundo o referido no artigo 32.2.
3. Fíxase en 50.000 € o importe mínimo da garantía que deberán constituír os usuarios, de acordo co artigo 42.10.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e data de aplicación.*

A circular entrará en vigor o 1 de abril de 2020, excepto as disposicións adicionais segunda e cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación, e os artigos 34.3 e 38, que entrarán en vigor o 1 de outubro de 2020.

Madrid, 12 de decembro de 2019. – O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.